



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 12 de abril de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día doce de abril de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(343).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión ordinaria do 22 de marzo, e e extraordinarias e urxentes do 23 e 27 de marzo de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(344).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS (RELACIÓN 3/2018) EXPTE. 11388/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 03/04/18, asinado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

XGL relación 3/2018

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Sentenza nº 352 do 6 de marzo de 2018

Expediente nº 9234/111

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 04 de CORUÑA

Ordinario: 15354/2015

Obxecto: Acordo do Tribunal Económico Administrativo de Galicia do 19/02/2015. Reclamación económica-administrativa contra resolución municipal do 30/07/2012

Expte(s): 42488/516, 46195/516

Sentenza nº 429 do 21/09/2016 Desestimatoria.

SEGUNDA INSTANCIA

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Secc 2ª

Recurso Casación 196/2017

Sentenza nº 352 do 6 de marzo de 2018

Desestima o recurso de casación da demandante e fixa a interposición das normas aplicables (conforme ás teses do Concello).

A dirección de Ingresos e a Inspección de Tributos deben coñecer o resolto.

2.- Sentenza nº 71 do 12 de marzo de 2018

Expediente nº 10356/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Ordinario: 27/2017

Obxecto: Resolución do 18/11/16 ditada no expediente de adxudicación do contrato das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina Castrelos

Expte(s): 15121-333

Contía: 160.928,79 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Contratación e o de Deportes deben coñecer o resolto.

3.- Sentenza nº 113 do 7 de marzo de 2018

Expediente nº 10458/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 66/2017



Concello de Vigo

Obxecto: Resolución do 29/12/2016 pola que se da conta do contido dos acordos da XGL do 18/03/2016 sobre pagamento de produtividade ao superintendente xefe da Policía Local de Vigo

Expte(s): 27430-220

Contía: 45.133,18 €

SEGUNDA INSTANCIA

Sentenza nº 151 do 05/06/2017 Desestimatoria.

TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo

APELACIÓN 348/2017

Sentenza nº 113 do 07/03/2018

Desestima o recurso de apelación da demandante e confirma a sentenza nº 151/2017 de instancia, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

4.- Sentenza do 19 de febreiro de 2018

Expediente nº 10467/111

Xulgado do Social nº 4 de VIGO

Despedimento/cesamento en xeral: 283/2017

Obxecto: Nulidade de despido por vulneración de dereitos fundamentais

A sentenza desestima os recursos de suplicación que presentou tanto a parte demandante como o Concello, confirmando a sentenza de instancia polos mesmos motivos; falta de identificación da praza, non adscripción ao Servizo de Emprego dalgunha das persoas que superaron o proceso selectivo, informe de RRHH sobre a existencia de vacantes pendentes de regularizar, etc.

O Servizo de Emprego e RRHH deben coñecer do resolto.

5.- Sentenza nº 65 do 6 de marzo de 2018

Expediente nº 10778/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Ordinario: 256/2017

Obxecto: desestimación presunta do TEA fronte a resolución do 13-5-17 contra dilixencia de embargo.

Expte(s): 4206-550 / 30143-700

Contía: 348.727,15 €

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso.

A Administración de Ingresos e a Tesourería-Recadación Municipal deben coñecer o resolto e, con carácter urgente, propoñer a eventual interposición de recurso de apelación.

6.- Sentenza nº 79 do 22 de marzo de 2018

Expediente nº 10858/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 274/2017

Obxecto: Desestimación por silencio admin. de reclamación do 27/02/2017 sobre recoñecemento de dereitos retributivos

Esta sentenza, que segundo recolle é firme e non cabe a interposición de recurso algún, estima a demanda e considera que se debe abonar aos demandantes a cantidade correspondente ao complemento de produtividade dos anos 2013,2014 e 2015. Así como a percibir dende o 1 de xaneiro do 2017 en tanto continúen desenvolvendo as funcións de superior categoría.

Condena en custas ao Concello.

A Area de Recursos Humanos e a Tesourería deben coñecer do resolto.

7.- Sentenza nº 78 do 22 de marzo de 2018

Expediente nº 11014/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Ordinario: 379/2017

Obxecto: resolución do T.E.A. de data 31/07/201, desestimación presunta do recurso contra providencia de apremio

Expte(s): 4316-550

Contía: 88.169,84 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

O TEA do Concello de Vigo e a Dirección de Ingresos (IBI) deben coñecer o resolto.

8.- Decreto nº 7 do 13 de marzo de 2018

Expediente nº 11191/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 9/2018

Obxecto: resolución desestimatoria do recurso de reposición interposto fronte á denuncia formulada por non identificar o condutor.

Expte(s): 168670445 eo 178646461

Declara o desestimento do demandante.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.



Concello de Vigo

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso desta administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(345).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA «ASOCIACIÓN DE AYUDA AL TOXICÓMANO ERGUETE» PARA A CONTINUIDADE DO PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES- 2018. EXPTE. 2580/315.

Visto o informe xurídico do 22/02/18 e o informe de fiscalización do 21/03/18, dáse conta do informe-proposta do 02/04/18, asinado polo xefe de servizo de CEDRO e conformado polo xefe de área de Benestar Social, polo asesor xurídico adxunto da área, pola concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

“I. INFORME

I.1. Desde o ano 2002, a Asociación Érguete dispón dun programa de apoio residencial para persoas drogodependentes en tratamento nas unidades asistenciais de drogodependencias do Plan de Galicia sobre Drogas (na actualidade, Plan de Trastornos Adictivos de Galicia) en Vigo, que se desenvolve en tres pisos ou centros de réxime residencial temporal nos que, mediante unha actuación programada, se posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación sociolaboral das persoas en situación de risco de exclusión social.

I.2. Este programa de apoio residencial vai dirixido a persoas drogodependentes en tratamento que teñen alcanzado unha estabilidade no seu proceso terapéutico, e que necesitan dun recurso dese tipo para progresar na súa incorporación social, sendo o obxectivo principal a adaptación do usuario ó medio social a través dun programa de residencia temporal nunha vivenda normalizada coa supervisión de profesionais.

I.3. Para o desenvolvemento deste programa, a Asociación Érguete conta con tres vivendas urbanas, en réxime de aluguer, ubicadas na cidade de Vigo, adaptadas ao marco normativo que regula este tipo de dispositivos de atención sociosanitaria. O seguimento da evolución dos usuarios realízase, de forma coordinada, xunto cos terapeutas de referencia das unidades asistenciais de drogodependencias da área de Vigo.

I.4. O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

I.5. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.6. Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.7. Na Orde do 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de acollida e inclusión.



Concello de Vigo

I.8. A Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención, referidos á prevención, asistencia e incorporación social, na nosa Comunidade.

I.9. O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade.

Entre os seus obxectivos xerais atópanse os de apoiar aos procesos de integración social das persoas atendidas na Rede de Tratamento de Condutas Adictivas, mediante a promoción de programas dirixidos a mellorar as habilidades sociais e persoais que favorezan a autonomía persoal das persoas con dificultades de integración social polos seus problemas de adicción, desenvolver medidas de acción positiva fronte á exclusión social e/ou laboral das persoas con problemas de adicción en situación de vulnerabilidade, e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.

Máis concretamente, establece liñas estratéxicas para a mellora da cobertura asistencial dos trastornos adictivos e o apoio aos procesos de incorporación social das persoas que os padecen, mediante a colaboración no funcionamento de recursos residenciais de apoio á incorporación social para drogodependentes con necesidades sociosanitarias.

I.10. O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social. No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das conductas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se sinala a potenciación e coordinación dos recursos residenciais urbanos específicos de atención a drogodependentes, mediante a sensibilización das Administracións competentes para a normalización destes recursos e o seu axeitado financiamento e a mellora das infraestruturas e os recursos humanos.

Este tipo de accións teñen un encadre metodolóxico e normativo en instrumentos tales como a Estratexia Europea en materia de loita contra a droga 2013-2020 e os seus Plans de Acción, que contemplan a prevención do consumo de drogas como o ámbito clave de intervención; a Estratexia Nacional, co seu correspondente Plan de Acción, que ademais establece como necesaria a coordinación entre as distintas Administracións. Concretamente, propón accións de coordinación coas Administracións locais e promove a elaboración de plans municipais e supramunicipais; ou a propia Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre Drogas, fundamentalmente a través dos Títulos I (Da prevención de drogodependencias) e III (particularmente no que atinxe á atribución de competencias, planificación e ordenación, concertos/convenios e coordinación).

I.11. A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento de CEDRO polo que ten a consideración de subvención directa segundo os artigos 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvencións de Galicia. A mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión; motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 9/2007.

A concesión da subvención artéllase mediante un convenio de colaboración que inclúe as prescricións que sinala a Base 40 das de execución dos Orzamentos: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.12. Por concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, propónse o aboamento dun 50% da cantidade anual á sinatura do convenio.

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (Regulamento da Lei xeral de subvencións), as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.

I.13. O 21.03.2018, a Intervención xeral municipal emitiu informe fiscalizando de conformidade o expediente sempre que con carácter previo ó sometemento deste á XGL se introducisen no clausulado do Convenio as adaptacións procedentes para dar cumprimento ó disposto no Art. 14.2 da LPACAP sobre a obrigatoriedade de que entidades como a Asociación Érguete se relacionen electronicamente coas AAPP.

Esas adaptacións foron xa incorporadas ó texto do Convenio sometido agora á aprobación da XGL. En concreto, procedeuse a dar unha nova redacción ó Pacto décimo, recollendo expresamente, tal como indica Intervención, a necesidade de presentar a conta xustificativa a través da sé electrónica do Concello de Vigo por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e de achegar facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

I.14. Figura tamén xa no expediente electrónico o correspondente documento RC (ref. 315/2580) por importe de 45.000 €, expedido con data 21.03.2018 (Núm. Operación: 201800027452).

I.15. Esta nova proposta substitúe á formulada pola Xefatura de Servizo de CEDRO e Xefatura de Área de Benestar Social en data 21.02.2018 (trámite nº 23), conformada polo Concelleiros delegados das Áreas de Política Social e Orzamentos e Facenda o 21.02.2018 e 22.02.2018, respectivamente.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Por todo o exposto con anterioridade, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,



Concello de Vigo

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social do Concello de Vigo e a «Asociación de Ayuda al Toxicómano ERGUETE» (CIF G-36.642.726) para a continuidade do PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES – 2018, que incorpora as modificacións/adaptacións indicadas pola Intervención xeral municipal no seu informe do 21.03.2018.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 45.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.00 - *Conv. Aloxamento alternativo Érguete* do orzamento vixente (subvención directa).

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE AXUDA Ó TOXICÓMANO ÉRGUETE PARA O PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES – ANO 2018».

En Vigo, ____ de _____ de 2018

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D^a. M^a del Carmen Avendaño Otero, con DNI nº 35.956.947-N, Presidenta da Asociación de Axuda ó Toxicómano “ÉRGUETE”, CIF nº G-36.642.726, con enderezo social na Avda. Martínez Garrido, nº 21, interior.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a. M^a del Carmen Avendaño Otero, actuando en representación da Asociación “ÉRGUETE”, segundo así resulta dos seus estatutos, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a Asociación Érguete de axuda ó toxicómano é unha organización non gubernamental (ONG) inscrita no Rexistro municipal de Asociacións co número 178/91, declarada de Utilidade Pública polo Ministerio do Interior segundo RD.1786/96, do 19 de xullo, e inscrita como entidade prestadora de servizos sociais na Xunta de Galicia.

A Asociación Érguete ven desenvolvendo a súa actividade en Vigo, no campo das drogodependencias, levando a cabo diversos programas de axuda que complementan as actividades asistenciais e de incorporación social das Administracións local e autonómica.

Desde o ano 2002 dispón dun programa de apoio residencial para persoas drogodependentes en tratamento nas unidades asistenciais de drogodependencias da Rede de Tratamento de Condutas Adictivas en Vigo, que se desenvolve en tres pisos ou centros de réxime residencial temporal nos que, mediante unha actuación programada, se posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación socio-laboral das persoas en situación de risco de exclusión social.

Este programa de apoio residencial vai dirixido a persoas drogodependentes en tratamento que teñen alcanzado unha estabilidade no seu proceso terapéutico e que necesitan dun recurso deste tipo para progresar na súa incorporación social, sendo o obxectivo principal a adaptación do usuario ó medio social a través dun programa de residencia temporal nunha vivenda normalizada coa supervisión de profesionais.

Para o desenvolvemento deste programa, a Asociación Érguete conta con tres vivendas urbanas, en réxime de aluguer, ubicadas na cidade de Vigo, adaptadas ó marco normativo que regula este tipo de dispositivos de atención sociosanitaria.

O seguimento da evolución dos usuarios realízase de forma coordinada xunto cos terapeutas de referencia das unidades asistenciais de drogodependencias da área de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, segundo a L.7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .



Concello de Vigo

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase agora na Admón. autonómica.

Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Na Orde do 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de acollida e inclusión.

A L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das Administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención referidos á prevención, asistencia e incorporación social na nosa Comunidade.

A Resolución de 2 de febreiro de 2009, da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre drogas, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros polo que se aprobou a Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016, mantíña que o éxito da política xeral sobre drogas require da cooperación das Administracións locais. Deste xeito, no seu Plan de Acción o obxectivo primeiro propoñía optimizar a coordinación e cooperación no marco do Estado español mediante, entre outras medidas, a potenciación da elaboración de plans municipais e supramunicipais coherentes coa Estratexia Nacional.

O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais atópanse os de apoiar ós procesos de integración social das persoas atendidas na Rede de Tratamento de Condutas Adictivas, mediante a promoción de programas dirixidos a mellorar as habilidades sociais e persoais que favorezan a autonomía persoal das persoas con dificultades de integración social polos seus problemas de adicción, desenvolver medidas de acción positiva fronte á exclusión social e/ou laboral das persoas con problemas de adicción en situación de vulnerabilidade e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas Administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas

entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.

Máis concretamente, establécense liñas estratéxicas para a mellora da cobertura asistencial dos trastornos adictivos e o apoio ós procesos de incorporación social das persoas con trastornos adictivos, mediante a colaboración no funcionamento de recursos residenciais de apoio á incorporación social para drogodependentes con necesidades sociosanitarias.

O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde o ano 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos da prevención, asistencia e incorporación social.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das conductas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, mellorar a atención das urxencias sociosanitarias e cobertura de necesidades primarias de alimentación, hixiene e vivenda e potenciar o mantemento e a creación de novos dispositivos para cubrir as necesidades básicas daquela poboación carente de vivenda ou en situación de risco de exclusión.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servicio de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenio coa Consellería de Sanidade e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo, no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.00, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 45.000€ a favor da Asociación Érguete.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da L.38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as partes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento da actividade dos pisos de apoio á incorporación social para drogodependentes en tratamento na área de Vigo que xestiona a Asociación Érguete.

En base ás precedentes consideracións e ó interese social que para a cidade de Vigo representa esta actividade de Érguete, o Concello de Vigo e a dita Asociación convenian a súa colaboración no ámbito da incorporación social para drogodependentes e a concesión da referida subvención de acordo cos seguintes,

FACTOS

Primeiro.-

A Asociación Érguete comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social do Concello de Vigo en canto á realización da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes e concretamente a:

- Realizar a contratación de persoal técnico para a execución da actividade asistencial, de acordo coa Memoria do programa presentado.



Concello de Vigo

- Asumir a súa xestión xeral.
- Contribuir ó custo restante do programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos, segundo o previsto naquela Memoria.
- Cumprir as directrices técnicas do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e colaborar na súa estrutura participativa.

En xeral, a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da L.9/2007.

Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Asociación Érguete, unha subvención para o exercicio de 2018 por importe de 45.000€ co obxecto de coadxuvar ó financiamento da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes.

Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD. 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

Polo período de VIXENCIA do convenio (ano 2018), o Concello de Vigo achegará a cantidade de 45.000€ con cargo á aplicación nº 3112.489.00.00 do vixente exercicio presupostario.

Os pagamentos efectuaráanse do seguinte xeito:

- O 50% do importe da subvención, á sinatura do convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pagamento anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.

- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 01 de novembro, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo funcionario responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

Quinto.-

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

Sexto.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada, previa conformidade da Concellería de Política Social, e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da Consellería de Sanidade, do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e da Concellería de Política Social do Concello de Vigo.

Sétimo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias e que estará composta por dous representantes da Asociación Érguete e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servizos sociais.

Oitavo.-

A Asociación Érguete comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo, facéndose responsables dos danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

Noveno.-

A Asociación Érguete poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a execución deste programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello.



Concello de Vigo

Décimo.-

A Asociación Érguete comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de 2018 xustificación do cumprimento do convenio. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterà memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

A documentación da conta xustificativa deberá **achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e** incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:
 - Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.
 - Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.
 - Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.

Que se atopa ó corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Décimo primeiro.-

Antes de proceder ó pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do artigo 31.7 e) da L.9/2007.

Décimo segundo.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 01 de novembro de 2018.

Décimo terceiro.-

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O responsable técnico do programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora, desde o pagamento da subvención e ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumplimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa desta, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.-

A beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente Convenio, a práctica das



Concello de Vigo

publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa de subvencións públicas en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP e na LRXSP e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

Décimo oitavo.-

A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

E, en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

4(346).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NAS OFICINAS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 3725/321.

Dáse conta do informe-proposta do 05/04/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

“A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 5 de abril de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 20 de marzo de 2018, da empresa EXTERNA SERVICIOS GENERALES DE EMPRESA, S.L. por non axustarse a súa proposición avaliable mediante xuízo de valor ao prego de prescricións técnicas (cláusula 13.5c do prego de cláusulas administrativas particulares).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321) na seguinte orde descendente:

LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL	Clasificación orde descendente
UTE INTEGRA MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRA MGSÍ CEE, S.L.	87,77	1
EULEN CEE, S.A.	82,55	2
PONTE DAS DONAS SL- ARESTORA CONSULTORES SL UTE	80,40	3
MANTELNOR OUTSOURCING S.L	78,99	4
ACCIONA FACILITY SERVICES, S.A.	74,32	5
SERVENTIA SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	73,76	6
RANDSTAD PROJECT SERVICES, S.L.U.	71,16	7
SERVICIOS SECURITAS S A	70,75	8
LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS DE SERVICIOS Y MANTENIMIENTO INTEGRAL, S.L.	67,44	9
ATLAS SERVICIOS EMPRESARIALES SA	66,76	10
DIMOBA SERVICIOS, S.L.	60,46	11
MANPOWER BUSINESS SOLUTIONS, S.L.U.	40,17	12
SALZILLO SERVICIOS INTEGRALES SLU	32,82	13

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE INTEGRA MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRA MGSÍ CEE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.925,85 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

5(347).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN EN RELACIÓN CO RECURSO PRESENTADO POR SETEX APARKI, S.A. CONTRA O ACORDO DE ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A XESTIÓN DE ESTACIONAMENTOS REGULADOS NA VÍA PÚBLICA MEDIANTE PARQUÍMETROS. EXPTE. 90514/210.

Dáse conta do informe-proposta do 09/04/18, asinado pola xefa do servizo de Contratación, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 305/2018 Do Tribunal Administrativo Central De Recursos Contractuales (TACRC), recaída no recurso nº 42/2018, interposto por D. Jaime López Aguilar, en nome de SETEX-APARKI,S.A., contra o acordo da Xunta de Goberno Local do concello de Vigo de adxudicación a DORNIER, S.A. do procedemento aberto para a contratación da “concesión de servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (expte. 90514/210)” , Na mesma o TACRC desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

Primeiro. Desestimar o recurso interposto por D. Jaime López Aguilar, en nome de SETEX-APARKI,S.A., contra o acordo da Xunta de Goberno Local do concello de Vigo de adxudicación a DORNIER, S.A. do procedemento aberto para a contratación da “concesión de servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (expte. 90514/210)” cun valor estimado de 23.405.231,94 euros (IVE excluído).

Segundo. Manter a suspensión do procedemento de contratación ata a resolución do recurso vinculado 39/2018.

Terceiro. Declarar que non se aprecia a concurrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da sanción prevista no artigo 47.5 del TRLCSP.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

6(348).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. EXPTE: 2461/500.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a acta do Tribunal Económico Administrativo do 02/04/18, o informe de repercusión orzamentaria do 03/04/18 e o

informe de fiscalización do 04/04/18, dáse conta do informe-proposta de data 20/03/18, asinado pola xefa do servizo de Inspección de Tributos e pola directora de Ingresos, conformado polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Emítese o seguinte INFORME PROPOSTA en base ás seguintes consideracións:

PRIMEIRA.- O Concello de Vigo en sesión plenaria de data 23 de outubro de 2006 aprobou unha modificación da Ordenanza fiscal do Imposto sobre Bens Inmóbles para o exercicio 2007 e seguintes incorporando a seguinte exención potestativa:

“artigo 5 Exencións.

1. Estarán exentos os seguintes inmóbles:

.....

i) Os centros sanitarios da titularidade do SERGAS que se creen con posterioridade a 1 de xaneiro de 2007 e, mentres que continúen afectados a uso sanitario”.

A incorporación do citado beneficio fiscal potestativo tiña o seu fundamento na Lei 55/1999 de 29 de decembro de medidas fiscais, administrativas e de orde social, que acompañaba á Lei de Presupostos Xerais do Estado do ano 2000.

O artigo 18 da Lei 55/1999 titulaba a modificación: *“Beneficios fiscais no Imposto sobre Bens Inmóbles a Centros Sanitarios de titularidade pública”* lexitimando así unha autorización aos Concellos para regular a exención a este tipo de inmóbles nos seguintes termos:

“Así mesmo, as ordenanzas fiscais poderán regular unha exención a favor dos bens de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que os mesmos estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros. A regulación dos restantes aspectos substantivos e formais desta exención establecerase na Ordenanza fiscal”.

O texto anterior constitúe o artigo 62.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) e o seu contido habilita aos Concellos para configurar un beneficio fiscal potestativo, fundamentado, en última instancia, na autonomía local dos municipios consagrada no artigo 137 da CE e no artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local, na súa vertente financeira e tributaria (artigos 4.1.b) da Lei 7/85 RBRL e artigo 12 do TRLRFL)

SEGUNDA.- Segundo as instrucións recibidas da Concellería de Orzamentos e Facenda, fórmase, no presente expediente, unha proposta que mellora a redacción da exención e que incorpora, de xeito máis claro, a finalidade do precepto, evitará controversias na súa interpretación e que dota ao texto da ordenanza de maior seguridade xurídica.

Afiánzase o carácter subxectivo da exención, que se dirixe aos “centros de saúde” nos que o suxeito pasivo obrigado ao pagamento do imposto sexa o Servizo Galego de Saúde e nos que a atención se realiza por empregados públicos. Exclúense do beneficio fiscal aos bens inmóbles, en todo ou en parte, nos que exista algún terceiro perceptor de cantidades de



Concello de Vigo

diñeiro público por prestar estes servizos ou, outros que impliquen cesión de espazos nos inmobles nos que se aplique a exención.

Dende un punto de vista formal, regulase como exención de carácter rogado para que se poidan verificar os requisitos de desfrute do beneficio fiscal e, deste modo, se poida contar cun acto expreso de concesión daquela.

Dende a perspectiva do elemento teleolóxico da exención, o texto proposto serve mellor a súa finalidade, ao delimitar claramente o ámbito obxectivo dos inmobles aos que se aplica este beneficio fiscal.

Con estas premisas, formúlase unha proposta de modificación de determinados aspectos sustantivos e formais do beneficio fiscal potestativo aprobado en sesión de 23 de outubro de 2006 que, por un lado, amplía a exención a favor do SERGAS nos inmobles destinados a Centros de Saúde e por outro lado, clarifica a non inclusión no beneficio fiscal dos inmobles de uso sanitario cedidos a terceiros mediante contraprestación.

A regulación proposta amplía a exención a todos os “Centros de Saúde” nos que o SERGAS sexa suxeito pasivo obrigado ao pagamento do imposto, mentras que ata o presente, só resultaba exento o Centro de Saúde de San Paio de Navia, por ser o único que fora creado con posterioridade a 1 de xaneiro de 2007.

Por outra parte, co texto proposto non resultarán exentos bens inmobles que teñan sido cedido a terceiros mediante contraprestación. Esta nova regulación, con este límite, resulta máis coherente co disposto no propio Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a propósito do tratamento fiscal doutros bens inmobles:

“Artigo 61.5 TRLRFL:

5. Non están suxeitos a este imposto:

a) As carreteras, os camiños, as demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimo-terrestre é hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuíto para os usuarios.

b) Os seguintes bens inmobles propiedade dos municipios nos que estean enclavados:

•Os de dominio público afectos ao uso público.

*•Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo concello, **excepto cando se trate de inmobles cedidos a terceiros mediante contraprestación.***

*•Os bens patrimoniais, **exceptuado igualmente os cedidos a terceiros mediante contraprestación**”.*

TERCEIRA.- Informe sobre o impacto de xénero

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte exento por este imposto. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

CUARTA.- Innecesiedade do tramite previsto no artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Neste asunto tense pronunciado a Dirección Xeral de Tributos con data 10 de xaneiro de 2018 nos seguintes termos “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

QUINTA.- Tramitación da modificación

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o “Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal” así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha “Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal”, adquirirá a condición de “Proxecto”, tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no trámite que determina o Regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao “Proxecto” que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista de todo o anterior, de conformidade co artigo 62.3 do TRLRFL que establece “*As ordenanzas fiscais poderán regular unha exención a favor dos bens de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que os mesmos estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros. A regulación dos restantes aspectos substantivos e formais desta exención establecerase na Ordenanza fiscal*” e, no exercicio da “autonomía municipal” consagrada no artigo 107 da CE e 9 da Carta Europea Autonomía Local, na súa vertente financeira e tributaria (artigos 4.1.b) da Lei 7/85 RBRL e artigo 12 do TRLRFL), solicítase da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Suprimir o apartado i) do artigo 5.1. do texto vixente da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de Bens Inmóveis e introducir no artigo 5.2 un novo apartado e) co seguinte tenor literal:



Concello de Vigo

“En aplicación do artigo 62.3 do TRLRFL, os Centros de Saúde nos que a condición legal de obrigado ao pagamento do imposto, nos termos do artigo 61 do citado TRLRFL recaía sobre o SERGAS e se cumpran as restantes circunstancias descritas neste apartado.

Considéranse, aos efectos desta Ordenanza, Centros de Saúde, aos bens inmobles nos que, conforme ao disposto no RD 1277/2003 de 10 de outubro, o SERGAS desenvolva “Atención Primaria de Saúde” a cargo de persoal funcionario ou estatutario da Administración Pública.

No caso de que nun mesmo inmovible coexistan “Servizos de Atención Primaria” con outros servizos, procederá a redución da cota do Imposto na proporción da superficie ocupada polos Servizos de Atención Primaria de Saúde respecto da totalidade do inmovible.”

2º) Modificar a disposición final segunda que terá o seguinte contido:

“Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2019, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas”.

3º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

4º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

5º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

6º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(349).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO CO CLUB VIGO VOLEIBOL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2017-2018. EXPTE. 16960/333.

Visto o informe xurídico do 12/03/18 e o informe de fiscalización do 04/04/18, dáse conta do informe-proposta do 08/03/18, asinado polo director deportivo-xefe da unidade técnica e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 47.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.10 a favor da entidade Clube Vigo Voleibol polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2017/2018.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Club Vigo Voleibol conta cun equipo de elite na modalidade de Voleibol na categoría Superliga 2. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Superliga 2 hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2017/2018, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Club Vigo Voleibol e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:



Concello de Vigo

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que *o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.."* e que *"...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre"*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Club Vigo Voleibol para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o

proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2018, na partida orzamentaria 3410.489.00.10, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Club Vigo Voleibol durante a tempada deportiva 2017/2018, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva Club Vigo Voleibol para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2017/2018 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 47.000,00 €. a favor da entidade Clube Vigo Voleibol co CIF: G-36658219 e enderezo social na rúa Bolivia 2 6º e cp 36203, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 16960-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.10 do vixente orzamento. “

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE VIGO VOLEIBOL RELATIVO A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2017/2018 (EXPTE. 16960/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaioito.



Concello de Vigo

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, D. Guillermo Touza Rodríguez como presidente da entidade Clube Vigo Voleibol CIF nº G-36658219 e enderezo social na rúa Bolivia 2 6º e cp 36203 e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 16960-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Clube Vigo Voleibol conta cun equipo de élite que participa na categoría Superliga 2 desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Clube Vigo Voleibol desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2017/2018.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Club Vigo Voleibol impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Voleibol en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.

- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.10 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 47.000,00 €, a favor da entidade deportiva Clube Vigo Voleibol.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Clube Vigo Voleibol na tempada deportiva 2017/2018.

VI.- Que a entidade Clube Vigo Voleibol non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 16960-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Clube Vigo Voleibol. conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Clube Vigo Voleibol comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Voleibol na tempada 2017/2018.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.



Concello de Vigo

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, etc...

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

9º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Clube Vigo Voleibol. na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

•2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Clube Vigo Voleibol. (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Clube Vigo Voleibol unha subvención por importe de 47.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.10 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2017/2018. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2017/2018, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2018 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado



Concello de Vigo

deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2017/2018. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu

caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2018, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de ___ de 2018.”

8(350).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO CO CLUB AMFIV PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2017-2018. EXPTE. 16961/333.

Visto o informe xurídico do 12/03/18 e o informe de fiscalización do 04/04/18, dáse conta do informe-proposta do 08/03/18, asinado polo director deportivo-xefe da unidade técnica, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 53.000,00€ prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.07 a favor da entidade C.D. AMFIV polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2017/2018.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva C.D. Amfiv conta cun equipo de elite na modalidade de baloncesto en cadeira de rodas na categoría División de Honra. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2017/2018, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade C.D. AMFIV e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade C.D. AMFIV para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora



Concello de Vigo

do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2018, na partida orzamentaria 3410.489.00.07, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade C.D. AMFIV durante a tempada deportiva 2017/2018, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva C.D. AMFIV para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2017/2018 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 53.000,00€. a favor da entidade C.D. AMFIV co CIF: G-36711380 e enderezo social na rúa Kiosko Canido Estación s/n en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 16961-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.07 do vixente orzamento. “

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO AMFIV RELATIVO A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2017/2018 (EXPTE. 16961/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaoto.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Jose Antonio Beiro Rodríguez como presidente da entidade C.D. AMFIV co CIF: G-36711380 e enderezo social na rúa Kiosko Canido Estación en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 16961/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Clube Deportivo Amfiv conta cun equipo de élite que participa na categoría División de Honra desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Clube Deportivo Amfiv desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2017/2018.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Clube Deportivo Amfiv impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do baloncesto en etapas de formación,



Concello de Vigo

contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
 - viii. En data 30 de xuño do 2010 asinou se o acta de recepción constatando a efectiva incorporación ao servizo de todos os vehículos renovados, de xeito que a partir do día primeiro do mes seguinte (1 de xullo do 2010) procede facturar en consecuencia o novo importe do termo da amortización máis o financiamento da inversión, calculado en 96 mensualidades e aprobado na XGL de 07/07/2009 por importe de 1.580.685€/ano. Este novo importe, modifica o termo da amortización máis o financiamento que se inclúe no cánon anual, pasando a ser este de 1.897.107,75 euros anuais, dos que 1.580.685€ son polos novos medios incorporados e 316.422,75€ polos medios non renovados que se amortizan a 16 anos dende o inicio do contrato.
 - ix. En data 1 de xullo do 2010 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 7% ao 8%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
 - x. En data 29/12/2010 a XGL aprobou a quinta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2008}=1,5044$, e con efectos no período 1 de xuño do 2008 ao 31 de maio do 2009.
 - xi. En data 2/05/2011 a XGL acordou aboar á empresa concesionaria o importe íntegro do concepto de amortización máis financiamento pola renovación de medios materiais correspondente aos meses de abril do 2009 a xuño do 2010 (15 mensualidades), liquidando en consecuencia a débeda xerada por este concepto ata ese intre dado que o acordo da renovación incluía amortizacións dende o mes de abril do 2009. Cabe lembrar que a partir do día 1 de xullo do ano 2010, a empresa facturou xa mensualmente o importe íntegro da nova amortización.
 - xii. En data 23/12/2011 a XGL aprobou a sexta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2009}=1,5435$, resultando un prezo total de 22.670.191,71€/ano iva 7% engadido (22.882.062,67 €/ano, iva 8% engadido), para o período 1 de xuño do 2009 ao 31 de maio do 2010.
 - xiii. En data 16/03/2012 a XGL aprobou a segunda revisión extraordinaria do contrato, cunha ampliación do servizo de limpeza en varias rúas da cidade sen custe para o Concello, e eximindo á concesionaria da obriga da construción do Centro ecolóxico ao que viña obrigada por contrato. O novo prezo foi de 22.824.144,67€/ano (iva 8% engadido) con efectos dende o día 1 de xaneiro dese ano 2012.
 - xiv. En data 1 de setembro do 2012 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 8% ao 10%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
 - xv. En data 27/09/2013 a XGL aprobou a sétima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2010}=1,6164$ para o período 1/06/2010 a 31/05/2011, do que resultou un prezo do contrato de 24.611.297,02€/ano (IVE 10% engadido).
 - xvi. En data 19/12/2014 a XGL aprobou a oitava revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2011}=1,6889$ para o período 1/06/2011 a 31/05/2012, do que resultou un prezo do contrato de 25.622.483,21€/ano (IVE 10% engadido).

- xvii. En data 17/04/2015 a XGL aprobou a novena revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2012}=1,7441$ para o período 1/06/2012 a 31/05/2013, do que resultou un prezo do contrato de 26.392.350,80€/ano (IVE 10% engadido). Este importe descomponse en 8.427.077,61€ de custe para o servizo de recollida de residuos, e 17.965.273,19€ para o servizo de limpeza viaria e praias, consonte cos novos programas de gasto deste Concello para o ano 2015.
- xviii. En data 16/10/2015 a XGL aprobou a décima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2013}=1,7640$ para o período 1/06/2013 a 31/05/2014, do que resultou un prezo do contrato de 26.669.401,71€/ano (IVE 10% engadido). Este importe descomponse en 8.515.539,96€/ano de custe para o servizo de recollida de residuos, e 18.153.861,74€/ano para o servizo de limpeza viaria e praias, consonte cos novos programas de gasto deste Concello dende o ano 2015.
- xix. En data 23/09/2016 a XGL aprobou a décimo primeira revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2014}=1,7702$ para o período 1/06/2014 a 31/05/2015, do que resultou un prezo do contrato de 26.756.388,68€/ano (IVE 10% engadido). Este importe descomponse en 8.543.314,91€/ano de custe para o servizo de recollida de residuos, e 18.213.073,77€/ano para o servizo de limpeza viaria e praias, consonte cos novos programas de gasto deste Concello dende o ano 2015.
- xx. En data 23/02/2017 a XGL aprobou a décimo segunda revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2015}=1,7911$ para o período 1/06/2015 a 31/05/2016, do que resultou un prezo actualizado do contrato de 27.048.819,60€/ano (IVE 10% engadido). Este importe descomponse en 8.636.688,10€/ano de custe para o servizo de recollida de residuos, e 18.412.131,50€/ano para o servizo de limpeza viaria e praias, consonte cos novos programas de gasto deste Concello vixentes dende o ano 2015. Esta revisión aprobouse considerando os **índices** publicados para o período **xuño 2015 maio 2016**.
- xxi. En data 31 de marzo do 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou a **PRORROGA** do contrato. O acordo autorizou unha prórroga de como máximo un ano, no período que media entre o día 1 de abril do 2017 e o 31 de marzo do ano 2018. O prezo do contrato quedou reducido para este período na cota de amortización máis financiamento dos medios materiais empregados dado que estes estaban completamente amortizados na data do inicio da prórroga. O novo prezo anual aprobado para o período de prórroga foi de 24.766.053,41€/ano (7.907.800,85€/ano correspondentes ao servizo de recollida de residuos, e 16.858.252,56€/ano para o servizo de limpeza viaria e praias). Este prezo contempla a actualización aprobada pola Xunta de Goberno Local de 23 de febreiro do 2017 (12ª revisión ordinaria) cos índices publicados para o período xuño 2015 a maio 2016. Este prezo da prórroga se fai efectivo a partir do día do inicio desta e lle son de aplicación as revisións tanto ordinarias coma extraordinarias que correspondan conforme ao recollido no contrato dado que a prórroga está supeditada ás mesmas condicións do contrato que se prorroga.

2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.



Concello de Vigo

- Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño.
- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexeu o procedemento de contratación.

A posibilidade de revisión de prezos do contrato aparece recollida na cláusula VII do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron o concurso, e que indica o teor literal que a continuación se transcribe:

a) Revisión Ordinaria:

O prezo contractual será obxecto de revisión anual de acordo a seguinte fórmula:

$$\text{Prezo actualizado} = [(Po - \text{Amortización}) K + \text{Amortización}] T$$

Na que:

- Po = Prezo inicial do contrato IVE excluído.
- T = Índice multiplicador que recolle o tipo impositivo do iva aplicable á operación.
- K = coeficiente de revisión calculado mediante a seguinte expresión:

$$K = A (Mt/Mo) + B (Gt/Go) + C (Rt/Ro)$$

Donde A, B e C son coeficientes ponderados de participación (expresados en centesimas), relativos á incidencia porcentual de cada un dos índices correspondentes ós capítulos de persoal (A), combustibles e lubricantes (B) e outros gastos fixos anuais (C).

O concepto Amortización defínese como o “valor do termo constante da renda inmediata post-pagable necesaria para amortizar o capital invertido - obxecto de reversión- en “n” períodos de tempo, ao tanto unitario i , en base a pagamentos mensuais”.

O referido termo representativo da amortización dos investimentos non será obxecto de revisión automática a través da fórmula polinómica; sen embargo si se considerará no prezo do contrato o maior ou menor custo que poida supoñer para o concesionario a renovación do material móbil unha vez transcorrido o seu período de vida útil, así como a corrección que proceda en función do tipo de referencia MIBOR que sexa de aplicación aumentando ou diminuindo a referida cota constante segundo o cadro de amortizacións que para o efecto se elabore.

As diferencias positivas ou negativas entre ámbalas dúas anualidades dará lugar a unha diminución ou aumento do contrato, que terá o seu devengo o día seguinte da entrada en funcionamento dos novos equipos e repercutirase na facturación do mes inmediato posterior á incorporación dos mesmos.

No cálculo da anualidade de amortización para a renovación dos medios técnicos, terase sempre en conta o valor residual obtido pola concesionaria no alleamento dos equipos, que será descontado do novo prezo de adquisición.

Os coeficientes de ponderación entenderanse sometidos as seguintes restricións:

$$A+B+C = 1$$

e deben ser determinados polos licitadores nas súas propostas económicas.

Mt/Mo = Índice Xeral correspondente ó incremento real dos custos de persoal obtidos segundo as seguintes expresións $Mt/Mo = Cpn(t) / Cpn(o)$ sendo Cpn o custe medio real para a categoría de peón noite, segundo convenio colectivo nos anos "t" de revisión e "o" do ano que rematou o prazo de presentación de proposicións. A variación anual de este índice non poderá ser superior á que experimente o IPC incrementado en 1,5 puntos.

Gt = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano de revisión (t).

Go = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano da licitación (o).

Rt = Outros gastos, no momento da revisión, calculado por aplicación do IPC nacional correspondente ó mes no que se realiza a revisión.

Ro = outros gastos, no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ó mes no que finalice o prazo de presentación de propostas.

Este sistema de revisión aplicarase ó contrato adxudicado, así como as posibles ampliacións que poidan producirse durante a vixencia deste.

A primeira revisión ordinaria de prezos terá lugar cando transcorra un ano do contrato e executárase o vinte por cento do contrato. Para estes efectos entenderase o prezo do contrato, como o de adxudicación anual multiplicado polo nº de anos da concesión, de conformidade co previsto nos artigos 103 e 104 do RDL 2/2000.

Visto o anterior e dado que xa se teñen aprobadas doce revisións ordinarias do prezo do contrato previas a esta solicitude, a última con efectos dende o 1 de xuño do 2015 ao 31 de maio de 2016, procede neste momento tramitar a décimo terceira revisión que conforme ao prego de condicións se determina mediante a fórmula:

$$\text{Prezo actualizado} = [(\text{Prezo a orixe} - \text{Amortización}) \cdot Kt + \text{Amortización}] \cdot T$$

donde



Concello de Vigo

Os valores dos coeficientes de ponderación fixados polo adxudicatario na súa oferta son:

$$A=0,88; \quad B=0,05; \quad C=0,07$$

3.- DETERMINACIÓN DO COEFICIENTE DE REVISIÓN (Kt)

Para o cálculo do coeficiente de revisión K_t que corresponde neste momento [$K_{2016}=0,88 \cdot (Mt/Mo) + 0,05 \cdot (Gt/Go) + 0,07 \cdot (Rt/Ro)$], determinaránse en primeiro lugar cada un dos compoñentes dos seus sumandos, do xeito que se expón a continuación:

a) Mt/MO

Tal como indica o prego, este compoñente da fórmula de revisión corresponde ao incremento real dos custos de persoal obtidos segundo a seguinte expresión: $Mt/Mo = Cpn(2000)/Cpn(2016/2017)$, sendo $Cpn(2000)$ o custe de persoal para a categoría peón na quenda de noite no ano en que remata o prazo para presentación de ofertas (novembro do ano 2000), cuxo importe é de 22.768,63 euros, e o Cpn o custe para a mesma categoría no ano de revisión que comprende o período xuño a decembro do 2016 e xaneiro a maio do 2017.

Para a obtención do Cpn no ano de revisión, dado que dito período contén parte do custe dese concepto de dúas anualidades "naturais" diferentes (anos 2016 e 2017), deberase calcular un custe medio nese intervalo. Este custe medio obterase aplicando ao custe do concepto a revisar, $Cpn(2000)$ ano "orixe", o incremento acumulado do IPC, dende o ano de adxudicación, ata decembro de 2016 e decembro de 2017 respectivamente, máis 1,5 puntos porcentuais como máximo. Obtense deste xeito un custe anual (CPN_{ano}) para cada un dos anos, que posteriormente, e segundo o número de mensualidades de cada un dos anos que comprende o período de revisión (7 mensualidades do ano 2016 e 5 mensualidades do ano 2017), obterase o custe medio que se utilizará para calcular o incremento producido con respecto ao custe peón no ano de finalización de presentación de ofertas "orixe".

O feito de que se aplique o incremento do IPC ata o mes de decembro de cada un dos anos que comprende o período de revisión, obedece a que tal como se recolle no PCA que rexeu a contratación, a comparación entre custes deste concepto Cpn , realizarase entre o custe a orixe e o custe do período de revisión, e este custe obtense, tal como se recolle no Convenio Colectivo da Empresa, por aplicación do IPC "real do ano", ao custe da anualidade anterior. Como vemos é o "IPC real" do ano en cuestión o que se aplica para obter o custe salarial, e non o IPC das doce mensualidades inmediatamente anteriores, tal como sucede en outros contratos.

O cálculo efectúase do seguinte xeito:

- Incremento IPC ata decembro de 2001: 10,03%	=	factor: 1,1003.
- Incremento dec 2001/2002 + 1,5 puntos : 5,5%, incremento acumulado		1,1608.
- Incremento dec 2002/2003 + 1,5 puntos : 4.1% incremento acumulado		1.2084.
- Incremento dec 2003/2004 + 1,5 puntos : 4.7 % incremento acumulado		1,2652.
- Incremento dec 2004/2005 + 1,5 puntos: 5,2 % incremento acumulado		1,3309.
- Incremento dec 2005/2006 + 1,5 puntos: 4,2% incremento acumulado		1,3867.
- Incremento dec 2006/2007 + 1,5 puntos: 5.7 % incremento acumulado		1,4659.
- Incremento dec 2007/2008 + 1,5 puntos: 2,9 % incremento acumulado		1,5084.
- Incremento dec 2008/2009 + 1,5 puntos: 2,3% incremento acumulado		1,5431.
- Incremento dec 2009/2010 + 1,5 puntos: 4,5% incremento acumulado		1,6125.

- Incremento dec 2010/2011 + 1,5 puntos: 3,9% incremento acumulado	1,6754
- Incremento dec 2011/2012 + 1,5 puntos: 4,4% incremento acumulado	1,7492
- Incremento dec 2012/2013 + 1,5 puntos: 1,8% incremento acumulado	1,7807
- Incremento dec 2013/2014 + 1,5 puntos: 0,5% incremento acumulado	1,7896
- Incremento dec 2014/2015 + 1,5 puntos: 1,5% incremento acumulado	1,8164
- Incremento dec 2015/2016 + 1,5 puntos: 3,10% incremento acumulado	1,8727
- Incremento dec 2016/2017 + 1,5 puntos: 2,60% incremento acumulado	1,9214

Custe peón noite (convenio) entre xuño- decembro de 2016 (7 meses):
 $22.768,63 \times 1,8727 \cdot 7/12 = 24.873,20$ euros.

Custe peón noite (convenio) xaneiro- maio 2017 (5 meses):
 $22.768,63 \times 1,9214 \cdot 5/12 = 18.228,50$ euros.

Custe medio peón (Cpn) para o periodo de revisión (xuño 2016/ maio 2017) sería:
 $24.873,20 + 18.228,50 = 43.101,71$ euros anuais.

Se este custe medio calculado (43.101,71 €) o dividimos polo custe para a mesma categoría no ano orixen (ano 2000), cuxo importe era de 22.768,63 euros, o compoñente da fórmula Cpn (2000)/Cpn (2016/2017) resulta:

$$\text{Mt/MO} = 1,8930 \quad (43.101,71 / 22.768,63)$$

Procede neste intre realizar unha comprobación para verificar que o custe así calculado é igual ou inferior ao custe real soportado pola concesionaria, dado que o incremento IPC+1,5% é o máximo permitido polo PPTP pero o custe real podería ser inferior, polo que a revisión debería recoller este suposto.

O custe do peón noite para a empresa no ano 2017 ascende a 49.650,19€, o que representa un 118,06% de incremento sobre o inicial, mentras que o límite do IPC+1,5 está no 92,14% desde a orixe. Como se pode apreciar, o incremento revisado é inferior ao soportado pola empresa o que demostra que a subida salarial dos traballadores non é inferior ao límite contractual. Procede polo tanto revisar o prezo do contrato conforme ao máximo da marxe permitida polo PPTP (1,5%) no incremento dos custes de persoal.

b) Gt/Go

Go corresponde ao incremento do custe medio ponderado do combustible para o ano de licitación (2000), cuxo valor é 0,702, e Gt ao custe medio ponderado do combustible para o ano de revisión (2016/2017).

Obtense este valor do prezo medio mensual do combustible publicado polo Ministerio de Industria, de xeito que:

Mes	Precio mes
Junio 2016	1,0526
Julio 2016	1,0322
Agosto 2016	1,0166



Concello de Vigo

Setembro 2016	1,0290
Outubro 2016	1,0644
Novembro 2016	1,0517
Decembro 2016	1,1029
Xaneiro 2017	1,1282
Febrero 2017	1,1297
Marzo 2017	1,1113
Abril 2017	1,1154
Maio 2017	1,0863

MEDIA= **1,0767**
polo tanto o valor do coeficiente resulta:

$$Gt/Go = 1,5338 \quad (1,0767 / 0,702)$$

c) Rt/Ro

Rt son outros gastos no momento de revisión, calculados por aplicación do IPC nacional correspondente ao mes no que se realiza a revisión (xuño do 2016), e Ro outros gastos no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ao mes no que finalice o prazo de presentación de proposicións (novembro do 2000).

Da páxina oficial do Instituto Nacional de Estatística obtemos a variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2011 dende Novembro de 2000 ata xuño do 2016, igual a 39,00%

$$Rt/Ro = 1,39.$$

d) Determinación do coeficiente de revisión (K_{2016}):

O coeficiente de revisión para a anualidade a revisar (xuño 2016/2017), tendo en conta os valores dos coeficientes de ponderación fixados na oferta do adxudicatario A=0,88; B=0,05; C=0,07, resulta:

$$K_{2016} = (0,88 \times 1,8930) + (0,05 \times 1,5338) + (0,07 \times 1,3900) = 1,839854719.$$

Este valor debe aproximarse a cinco cifras significativas como máximo, para que sexa manexable e uniforme á hora de realizar os cálculos da revisión do prezo, xa que por mor dos importes que se manexan, os redondeos inflúen no resultado final. Así:

$$K_{2016} = 1,8399.$$

4.- DETERMINACIÓN DO PREZO A DESCONTAR POLA NON CONSTRUCCIÓN DO CENTRO ECOLÓXICO:

Dado que en data 16 de marzo do 2012, a XGL acordou exonerar á empresa concesionaria da construción do centro ecolóxico, con efectos dende o día 1 de xaneiro dese ano 2012, e devolvendo así mesmo os importes percibidos por este concepto ata ese momento, é preciso descontar do prezo que se calcule pola fórmula de revisión, o importe que corresponde á non construción do centro ecolóxico, pero mantendo os custes de persoal que o acordo non modifica.

Na orixe do contrato, o centro ecolóxico tiña uns custes anuais en execución material de:

- amortización máis financiamento da inversión: 35.028,31€
- persoal: 24.775,94€
- combustibles e lubricantes: 2.392,80€
- outros gastos fixos anuais. 8,768,84€

Para determinar o prezo a descontar en execución por contrata, debemos eliminar o importe do persoal que non se modifica, aplicarlle os coeficientes de actualización calculados anteriormente a cada un dos restantes importes, engadirlle os gastos xerais (6%), o beneficio industrial (2%), e aplicarlle o tipo impositivo do IVE vixente en cada momento.

Deste xeito resulta:

$$Z_t = [35.028,31 + \mathbf{Gt/Go} \cdot 2.392,80 + \mathbf{Rt/Ro} \cdot 8.768,84] \cdot [1+(0,02+0,06)] \cdot T$$

que aplicado ao ano de revisión é:

$$Z_{2016} = [35.028,31 + \mathbf{1,5338} \cdot 2.392,80 + \mathbf{1,3900} \cdot 8.768,84] \cdot [1+(0,02+0,06)] \cdot \mathbf{1,10}$$
$$Z_{2016} = 60.453,73€$$

5.- CÁLCULO DA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO:

Consonte co recollido na fundamentación xurídica deste informe, procede unha nova revisión ordinaria do prezo para o período 1 de xuño do 2016 a 31 de maio do 2017, calculada coa fórmula polinómica e os coeficientes especificados anteriormente, e descontando a non construción do centro ecolóxico por quedar eximida a empresa tal como figura nos antecedentes.

Este período de revisión quedará dividido en dous intervalos delimitados pola data de inicio da prórroga do contrato o día 1 de abril do ano 2017. Na prórroga do contrato aprobada pola XGL de data 31/03/2017 estableceuse un prezo calculado descontando o termo da amortización máis o financiamento das inversións realizadas pola empresa e xa abonadas polo Concello durante o contrato. En tal sentido, no apartado 7 deste informe, calcularase o importe a descontar por este concepto.

A partir do 1 de xullo de 2010, produciuse a incorporación dos medios renovados o que implicou a introducción da nova cuota do termo da Amortización máis o Financiamento: 1.897.107,75€/ano.

O tipo do imposto sobre o valor engadido é do 10% para o período de revisión, polo que o novo prezo será:

$$\text{Prezo} = [(12.578.505,66 - 1.466.456,75) \cdot 1,8399 + 1.897.107,75] \cdot 1,10 = 24.576.383,19€/ano$$

O prezo a descontar pola non construción do centro ecolóxico resultou:

$$Z_{2016} = 60.453,73€/ano$$

de xeito que:

$$P_{(1/6/2016 \text{ a } 31/5/2017)} = \text{Prezo} - Z_{2016} = 24.576.383,19 - 60.453,73 = \mathbf{24.515.929,46 \text{ €/ano}} \text{ (ive 10\%)}$$



Concello de Vigo

6.- CALCULO DA REVISION DE PREZOS DA AMPLIACIÓN DO CONTRATO

A efectos de revisión de prezos, deberase ter en conta a ampliación do contrato (revisión extraordinaria) aprobada na XGL de 04/09/2009, por un importe total de 2.386.704,59 euros/ano (IVE 7% engadido), con efectos a partir do 1 de outubro de 2009.

O desglose do importe total da ampliación segundo se desprende do acordo de aprobación foi o seguinte:

- Custes de explotación: 2.206.152,44 €
- Amortización: 24.412,61 €
- IVE (7%): 156.139,55 €

O cálculo de dita ampliación foi efectuado co coeficiente de revisión vixente nese momento que correspondía ao período de revisión: xuño 2006-maio 2007, cun coeficiente: $K_{2006}=1,401$.

Para determinar a revisión que lle corresponde a este importe, calcularemos os custes de explotación a prezos de orixe do contrato e posteriormente aplicaremoslle o coeficiente de revisión proposto para o período de actualización (xuño 2016-maio 2017), que segundo o calculado neste informe é de $K_{2016}=1,8399$.

O prezo revisado da ampliación, dende o 1 de xuño de 2016 ao 31 de maio de 2017 será o seguinte:

$$P_{amp} = [2.206.152,44 \cdot 1,8399/1,401 + 24.412,61] \cdot 1,10 = 3.213.870,19 \text{ €/ano.}$$

7.- DETERMINACIÓN DO IMPORTE A DESCONTAR POLO TERMO DA AMORTIZACIÓN MÁIS O FINANCIAMENTO DURANTE A PRÓRROGA DO CONTRATO.

Conforme ao indicado na cláusula IX-2ª do PPAP que rexe o actual contrato e que indica o teor literal que a continuación se transcribe:

“2.- o prazo establecido poderá prorrogarse unicamente ata por un ano máis para o suposto de que a contratación do novo servizo non estivese rematada ao vencemento do presente contrato.

No suposto de que a prórroga se materialice mediante o correspondente acordo do Pleno da Corporación, o prezo do contrato verase automaticamente reducido polo importe equivalente aos custos de amortización da totalidade dos elementos materiais afectos ao contrato por estar estes totalmente recuperados e agotada a súa vida útil. Esta redución comezará a devengarse o primeiro día no que a prórroga ente en vigor.

Así mesmo, deducirase do prezo do contrato o importe correspondente aos gastos xerais e beneficio industrial que proporcionalmente se correspondan co importe das amortizacións.”

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 31/03/2018 acordou prorrogar para o período comprendido entre o 01 de abril do ano 2017 ao 31 de marzo do ano 2018, o Contrato de Concesión do Servizo Público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e de praias do termo municipal de Vigo. A prórroga implica a redución do prezo anual do contrato na

cantidade que corresponde coa cuota de Amortización máis Financiamento dos medios materiais empregados (tanto instalacións fixas como vehículos e demais elementos), xunto co correspondente importe dos gastos xerais (GG) e do beneficio industrial (BI) que proporcionalmente corresponden con eles.

Na oferta do adxudicatario estableceuse un 6% de Gastos Xerais (GG), e un 2% de Beneficio Industrial (BI), polo que :

Importe do A+F a 8 anos (sen IVE)	1.580.685,00€
Importe do A+F a 16 anos (sen IVE)	316.422,75€
Importe do A+F da ampliación (sen IVE)	24.412,61€
Total A+F (sen IVE):	1.921.520,36€
GG +BI (6%+2%=8%) do Total A+F	153.721,63€
Total a descontar anualmente (sen IVE):	2.075.241,99€
Total a descontar anualmente con ive 10% engadido:	2.282.766,19€

8.- UNIFICACIÓN DOS IMPORTES E DETERMINACIÓN DO CANON ANUAL.

Á vista do anterior, o canon anual do contrato de recollida de RSU, limpeza urbana e limpeza de praias, no período que media entre o día 1 de xuño do 2016 e o 31 de maio do 2017, divídese en dous períodos limitados pola data da prórroga, e consonte cos novos funcionais económicos que operan neste Concello a partir do ano 2015, este canon descomponse en dúas partes correspondentes unha ao servizo de recollida de lixo e outra á limpeza viaria. Así:

- Período 1 de xuño do 2016 a 31 de marzo do 2017:

Canon revisado = 24.515.929,46 + 3.213.870,19 = **27.729.799,65€/ano** (ive 10%)

Canon revisado = **27.729.799,65€/ano** (2.310.816,64€/mes) ive 10% engadido

- Recollida de lixo, funcional 1621, importe: 8.854.125,03€/ano (737.843,75€ mes)
- Limpeza viaria, funcional 1630, importe: 18.875.674,62€/ano (1.572.972,89€/mes)

Estes importes supoñen unha diferenza con respecto aos vixentes de:

- Canon revisado, importe da diferenza: 680.980,05€/ano (56.748,34€/mes)
- Recollida de lixo, importe da diferenza: 217.436,93€/ano (18.119,74€/mes)
- Limpeza viaria, importe da diferenza: 463.543,12€/ano (38.628,59€/mes)

- Período 1 de abril do 2017 a 31 de maio do 2017 (contrato prorrogado):

Canon revisado = 27.729.799,65 - 2.282.766,19 = **25.447.033,46€/ano** (ive 10%)

Canon revisado = **25.447.033,46€/ano** (2.120.586,12€/mes) ive 10% engadido

- Recollida de lixo, funcional 1621, importe: 8.125.237,78€/ano (677.103,15€ mes)



Concello de Vigo

ii. Limpeza viaria, funcional 1630, importe: 17.321.795,68€/ano (1.443.482,97€/mes)

Estes importes supoñen unha diferenza con respecto aos vixentes de:

- Canon revisado, importe da diferenza: 680.980,05€/ano (56.748,34€/mes)
- Recollida de lixo, importe da diferenza: 217.436,93€/ano (18.119,74€/mes)
- Limpeza viaria, importe da diferenza: 463.543,12€/ano (38.628,59€/mes)

- Período a partir do 1 de xuño do 2017 (contrato prorrogado):

A partir do 1 de xuño do 2017 procederá unha ou varias novas revisións ordinarias do prezo do contrato que mentres non se acorden polo órgano competente, prorrogarase o prezo anteriormente calculado, coas variacións que as modificacións no imposto sobre o valor engadido e outros aspectos veñan a obrigar.

9.- CÁLCULO DE ATRASOS

Os atrasos adebedados á empresa concesionaria calcúlanse pola diferenza entre o importe realmente facturado e o importe que lle corresponde polo resultado da actual revisión de prezos, computado nos meses que median entre o inicio do período de revisión e ata o día 31 de decembro do ano 2017. Non se consideran como atrasos as cantidades non facturadas por calquera motivo no ano en curso 2018.

- Período 1 de xuño do 2016 a 31 de marzo do 2017:

Neste período, a empresa facturou ao concello polo servizo prestado co IVE do 10% engadido a razón de 27.048.819,60€/ano (2.254.068,30€/mes) conforme ao prezo aprobado pola XGL de 23/02/2017 (12ª revisión ordinaria). Este importe xa engadía o desconto pola non construción do Centro Ecolóxico acordado na XGL de 16/03/2012, e a nova cuota de A+F pola renovación de medios.

Conforme aos cálculos realizados nesta proposta, o prezo que lle correspondía á empresa nese período é de 27.729.799,65 €/ano (2.310.816,64€/mes), polo que a diferenza para dez meses é de:

$$(27.729.799,65 - 27.048.819,60) \cdot 10/12 = \mathbf{567.483,38€} \text{ (ive 10\% engadido)}$$

dos que a imputación a cada partida económica é:

- | | | |
|-----------------------|-----------------|----------------------|
| I. Recollida de lixo, | funcional 1621, | importe: 181.197,44€ |
| II. Limpeza viaria, | funcional 1630, | importe: 368.285,93€ |

- Período 1 de abril do 2017 a 31 de maio do 2017 (contrato prorrogado):

Neste período, a empresa facturou ao concello polo servizo prestado co IVE do 10% engadido a razón de 24.766.053,41€/ano (2.063.837,78€/mes) conforme ao prezo aprobado pola XGL de 31/03/2017 (prórroga do contrato). Este importe xa engadía o desconto pola non construción do Centro Ecolóxico acordado na XGL de 16/03/2012, e non incluía cuota de A+F.

Conforme aos cálculos realizados nesta proposta, o prezo que lle correspondía á empresa nese período é de 25.447.033,46 €/ano (2.120.5866,12€/mes), polo que a diferenza para dous meses é de:

$$(25.447.033,46 - 24.766.053,41) \cdot 2/12 = \mathbf{113.496,68€} \text{ (ive 10\% engadido)}$$

dos que a imputación a cada partida económica é:

I. Recollida de lixo,	funcional 1621,	importe: 36.239,49€
II. Limpeza viaria,	funcional 1630,	importe: 77.257,19€

- Período 1 de xuño do 2017 a 31 de decembro do 2017 (contrato prorrogado):

Neste período procede a prórroga do prezo anterior, polo que a empresa facturou ao concello polo servizo prestado co IVE do 10% engadido a razón de 24.766.053,41€/ano (2.063.837,78€/mes).

Conforme aos cálculos realizados nesta proposta, o prezo que lle correspondía á empresa nese período é de 25.447.033,46 €/ano (2.120.5866,12€/mes), polo que a diferenza para sete meses é de:

$$(25.447.033,46 - 24.766.053,41) \cdot 7/12 = \mathbf{397.238,36€} \text{ (ive 10\% engadido)}$$

dos que a imputación a cada partida económica é:

I. Recollida de lixo,	funcional 1621,	importe: 126.838,21€
II. Limpeza viaria,	funcional 1630,	importe: 270.400,15€

TOTAL de atrasos:

$$567.483,38€ + 113.496,68€ + 397.238,36€ = 1.078.218,41€$$

dos que a imputación a cada partida económica é:

I. Recollida de lixo,	funcional 1621,	importe: 344.275,14€
II. Limpeza viaria,	funcional 1630,	importe: 733.943,27€

Polo exposto anteriormente, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

1. Aprobar a 13ª revisión ordinaria do prezo do contrato de concesión do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza urbana e de praias do termo municipal de Vigo, cuxa adxudicataria é a empresa Fomento de Construcciones y Contratas, S.A., fixando un coeficiente de revisión a partir do día 1 de xuño de 2016 en $K_{2016} = 1,8399$
2. Aprobar un novo prezo revisado para o contrato de:
 - a) 27.729.799,65€/ano (ive 10% engadido) para o período 1 de xuño do 2016 a 31 de marzo do 2017, dividido nos conceptos de recollida de lixo e limpeza viaria cos seguintes importes:
 - i. Recollida de lixo, importe: 8.854.125,03€/ano
 - ii. Limpeza viaria, importe: 18.875.674,62€/ano
 - b) 25.447.033,46€/ano (ive 10% engadido) para o período 1 de abril a 31 de maio do 2017, dividido nos conceptos de recollida de lixo e limpeza viaria cos seguintes importes:
 - iii. Recollida de lixo, importe: 8.125.237,78€/ano
 - iv. Limpeza viaria, importe: 17.321.795,68€/ano



Concello de Vigo

3. Establecer como prezo actualizado do contrato para o ano 2018, pendente das revisións que correspondan no futuro, o de 25.447.033,46€/ano (IVE 10% engadido), dos que 8.125.237,78€/ano son en concepto de Recollida de lixo, e 17.321.795,68€/ano son en concepto de limpeza viaria.
4. Recoñecer á empresa concesionaria, en concepto de atrasos pola diferenza do prezo revisado co prezo realmente facturado entre os meses de xuño do 2016 e decembro do 2017, o importe de 1.078.218,41€, dos que 344.275,14€ corresponden ao concepto de Recollida de lixo e imputaranse á partida orzamentaria do servizo de limpeza 1621..2270000, e 733.943,27€ corresponden ao concepto de limpeza viaria e imputaranse á partida orzamentaria do servizo de limpeza 1630..2270000, do vixente orzamento municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(362).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2018. EXPTE. 8912/307.

Dáse conta do informe-proposta de data 03/04/18, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico e conformado pola concelleira-delegada de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

En cumprimento da lexislación de aplicación sobre contratos menores (Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público), este servizo de Patrimonio Histórico propón **dar conta á Xunta de Goberno Local dos tramitados durante o primeiro trimestre de 2018**. Estes contratos foron adjudicados á oferta máis vantaxosa econonómicamente ou á única que se presentou. Por razóns operativas do servizo e en atención ó obxecto do contrato, tramitáronse dous Rcs xenéricos. Se inclúen no listado os contratos menores tramitados para as actividades preparatorias e complementarias do IV PROGRAMA MUNICIPAL DE MEDIANEIRAS E OUTROS ESPAZOS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA:

n.º expte (307)	concepto	adxudicatario	Importe (euros)
8668	Parte contrato correspondente ao informe e memoria sobre actuación arqueolóxica na fortaleza-muralla de O Castro	ADRO ARQUEOLÓXICA (B15576531)	2043,34
8876	Tapado dos restos arqueolóxicos da muralla de A Laxe	TOMOS (B36779908)	4174,50
8883	Actualización e refundido do proxecto para a recuperación da fortaleza-muralla de O Castro	OTIMA SL (B27841535)	5808

n.º expte (307)	concepto	adxudicatario	Importe (euros)
8818	Mantemento ascensor do Centro de Interpretación do Mundo Romano de Toralla	INDELEV (B27775139)	810,7
8819	Mantemento de edificacións e equipamentos	RC xenérico	8000
8821	Mantemento extintores de diferentes equipamentos municipais xestionados polo servizo de Patrimonio Histórico	SEGURIDAD MAR (B36632552)	215,38
8817	Gastos de mensaxería	RC xenérico	300
8816	Retirada e tratamento de restos vexetais do xardín histórico do pazo municipal Quiñones de León	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. (A36028082)	5949,5
8875	Subministración prensa 2018	EL PAÍS (B85635910)	380
8873	Subministración prensa 2018	FARO DE VIGO (A36600815)	380
	IV PROGRAMA MEDIANEIRAS		
8847	VIGO, cidade de cor en centros ensino	Lorena Arévalo Iglesias (53180252C)	18047,15
8848	Programa EXPOSTAS	Vanesa Álvarez Díaz (53177111F)	18130,64
8841	Proxecto para licitación contrato de obras do IV Programa de Medianeiras	Alejandro Luis Sánchez (36150224C)	6050
8855	Programa CREAVIGO: xestión e soporte	Paula Cabaleiro Comesaña (53611190F)	3630
		Íñigo Rodríguez Román (35567775T)	726
		Óscar Pérez Mateo (35313627W)	1815
		Solimusic Events (B27793728)	272,25
8857	Programa CREAVIGO: participación artistas (contratos menores privados)	Héctor Francesch Carneiro (53165696T)	2420
		Mery Pais Domínguez (45862076F)	2420
		Román Corbato Perez (53533078A)	2420
		Isabel Seidel (L4WF85417)	1210
		Carla Hernández Iovanetti (70356032k)	1210



Concello de Vigo

n.º expte (307)	concepto	adxudicatario	Importe (euros)
		Asociación cultural Trópico de Grelos (G70015672)	1000
		Paula Quintas Santos (44479631T)	1210
		María Rodríguez Ramos (71942638H)	2057
8887	Difusión e publicidade do IV PROGRAMA MUNICIPAL DE MEDIANEIRAS 2018	Lucía Rúa Pérez (53187101S)	14520

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

22(363).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA OFICIAL PAVIMENTADOR, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1 D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POR UN PRAZO MÁXIMO DE 6 MESES PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 31601/220.

Visto o informe de fiscalización do 03/04/18, dáse conta do informe-proposta do 13/03/18, asinado pola técnica de Administración Xeral da Área de Recursos Humanos e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- Con data 06-03-2018, o Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, coa conformidade do Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de entre outros, un oficial pavimentador, por mor da situación existente, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 07-03-2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha oficial pavimentador, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 13-03-2018, emítase polo Técnico de Organización e Planificación, informe económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó



Concello de Vigo

el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 243- oficial pavimentador), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no

ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais, coa conformidade do Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación, de data 06/03/2018; así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 07/03/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, duna/dunha oficial pavimentador, supón un gasto de **11.717,12 €**, ao que haberá que engadirse a cantidade de **4.288,44 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa



Concello de Vigo

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de oficial de instalacións municipais, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do Coordinador Técnico do Vigozoo, o Director de Réxime interior de Vigozoo, e a Concelleira de Medioambiente e Vida Saúdale, de data 07/03/2018; así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 13/03/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013,



Concello de Vigo

do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de 3 oficiais de instalacións; 2 oficiais xardineiros/as e 5 operarios/as peóns; supón un gasto de **111.997,70 € (3 oficiais de instalacións- 35.151,36 €; 2 oficiais xardineiros/as- 23.434,24 € e 5 operarios/as peóns- 53.412,10 €)**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **39.335,10 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de oficial de instalacións municipais, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como **oficiais de instalacións municipais, D. José Manuel Lago Guerra, con DNI *****048-B, D. Javier Coido Rico, con DNI *****715-W e D. Daniel Raposeiras Vieites, con DNI *****138-X, como oficiais xardineiros de D^a. Aitana Herrera Sousa, con DNI *****493-Z e D^a. Yolanda Ogando Estévez, con DNI *****499-R, e como operarios/as peóns a D. David Sobrado Pumar, con DNI *****734-M, D. Christian Valverde Ríos, con DNI *****389-V, D. Julio Alberto Naranjo Graña, con DNI *****594-W, D. Daniel de Dios Fernández, con DNI *****801-D e D^a. María Luisa Silva Domínguez, con DNI *****108-E;** todo elo de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Todos eles aceptaron expresamente mediante escritos de data 15. 16 e 19 de marzo, optar aos referidos nomeamentos interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e

condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dez funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **3 oficiais de instalacións; 2 oficiais xardineiros/as; 5 operarios/as peóns**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Vigozoo, contidas no escrito do 07/03/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **111.997,70 € (3 oficiais de instalacións- 35.151,36 €; 2 oficiais xardineiros/as- 23.434,24 € e 5 operarios/as peóns- 53.412,10 €)**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como **oficiais de instalacións municipais**, a **D. José Manuel Lago Guerra, con DNI *****048-B, D. Javier Coido Rico, con DNI *****715-W e D. Daniel Raposeiras Vieites, con DNI *****138-X; como oficiais xardineiros** a **D^a. Aitana Herrera Sousa, con DNI *****493-Z e D^a. Yolanda Ogando Estévez, con DNI *****499-R, e como operarios/as peóns** a **D. David Sobrado Pumar, con DNI *****734-M, D. Christian Valverde Ríos, con DNI *****389-V, D. Julio Alberto Naranjo Graña, con DNI *****594-W, D. Daniel de Dios Fernández, con DNI *****801-D e D^a. María Luisa Silva Domínguez, con DNI *****108-E;** na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 300-Oficial Instalacións municipais, posto cód. 234-Oficial xardiñeiro/a e posto cód. 158 Operario/a peón), sendo adscritos/as ó Servizo de Vigozoo, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de



Concello de Vigo

Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, o Director do Vigozoo, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(367).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA OFICIAL XARDINEIRO E TRES OPERARIO/PEÓNS, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1 D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POR UN PRAZO MÁXIMO DE 6 MESES PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE. EXPTE: 31647/220.

Visto o informe de fiscalización do 09/04/18, dáse conta do informe-proposta do 02/04/18, asinado pola técnica de Administración Xeral da Área de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- Con data 06/03/2018, o Xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, co conforme da Concelleira de Medioambiente e Vida Saudable, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de 1 oficial de oficios e 3 operarios/as peóns, por mor da situación existente, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 15/03/2018, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de 1 oficial xardineiro/a e 3 operarios/as peóns, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 26/03/2018, emítase polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con



Concello de Vigo

arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 234-Oficial xardiñeiro/a e posto cód. 158 Operario/a peón), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que

desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data 06/03/2018, do Xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, co conforme da Concelleira de Medioambiente e Vida Saúdable; así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 15/03/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de 1 oficial xardineiro/a e 3 operarios/as peóns; supón un gasto de **43.764,38 € (1 oficial xardineiro/a- 11.717,12 € e 3 operarios/as peóns- 32.047,26 €)**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **15.024,18 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da



Concello de Vigo

Empresa. O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de oficial de instalacións municipais, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como **oficial xardineiro/a de D. Adrián Juan Vázquez Cáceres, con DNI *****055-V, e como operarios/as peóns a D. Carlos Eléxpuru Pacheco, con DNI *****457-D, D^a. María del Mar Alonso Rodríguez, con DNI *****301-Y e D. Daniel Abeledo Maira, con DNI *****067-X**; todo elo de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Todos eles aceptaron expresamente mediante escritos de data 19, 20 e 23 de marzo, optar aos referidos nomeamentos interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **1 oficiais xardineiros/as; 3 operarios/as peóns**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Medio Ambiente, contidas no escrito do 06/03/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **43.764,38 € (1 oficial xardineiro/a- 11.717,12 € e 3 operarios/as peóns- 32.047,26 €)**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como **oficial xardineiro/a a D. Adrián Juan Vázquez**

Cáceres, con DNI ***055-V, e como operarios/as peóns a D. Carlos Eléxpuru Pacheco, con DNI *****457-D, D^a. María del Mar Alonso Rodríguez, con DNI *****301-Y e D. Daniel Abeledo Maira, con DNI *****067-X ; na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.**

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 234-Oficial xardiñeiro/a e posto cód. 158 Operario/a peón), sendo adscritos/as ó Servizo de Medio Ambiente, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionario/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, ao Xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(368).- RECURSO DE ALZADA NO PROCESO SELECTIVO PARA 18 PRAZAS DE POLICÍA LOCAL POLA QUENDA LIBRE, OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2010-2011. EXPTE: 29539/220.



Concello de Vigo

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 04/02/18, asinado polo secretario do Órgano de Selección-xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

De acordo coas bases da convocatoria, o 16 de febreiro este órgano de selección convocou aos opositores non excluídos á realización do segundo exercicio consistente na comprobación do coñecemento da lingua galega.

A citada proba realizouse o 19 de febreiro, procedéndose á súa corrección á conclusión da mesma. A continuación dispúxose a inmediata publicación do resultado na páxina web xunto ao propio exame corrixido.

O 08 de marzo de 2018 D^a. Raquel Gómez García presenta recurso de alzada (doc. 180035140) contra a resolución do 19 de febreiro anterior deste órgano de selección que a declara NON APTA no segundo exercicio da convocatoria consistente na comprobación do coñecemento do idioma galego. Dita resolución implicou para a recorrente a súa exclusión do proceso selectivo conforme ás bases da convocatoria.

O 09 de marzo o órgano de selección dispuxo a convocatoria dos opositores para a realización do terceiro exercicio da oposición, consistente na comprobación da aptitude física dous aspirantes.

A recorrente solicita que se anule a resolución do 19 de febreiro e na súa virtude decláresella APTA. Subsidiariamente solicita que se repita o seu exercicio coas debidas garantías. En todo caso pídese a suspensión da execución daquel, o que efectivamente se acorda pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 14 de marzo de 2018.

A efectos da tramitación do recurso habilitouse un prazo de dez días de audiencia dos interesados, sin que se teñan producido intervencións destes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Dos motivos do recurso.

A recorrente considera contraria a dereito a actuación do órgano de selección en canto para a contestación ao exercicio non dispuxo previamente dos criterios de corrección e cualificación do exercicio por imperativo do disposto no art. 55 da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público que esixe respecto aos principios de mérito, capacidade, publicidade das bases e transparencia na actuación do devandito órgano de selección.

En concreto, o reproche céntrase no feito de que ao entregarlle o exercicio non se advertiu aos aspirantes convocados que neste había 80 erros, que se puntuaba cun máximo de 2 puntos e que as palabras repetidas só contaban como erro unha vez. Datos estes que só se fan accesibles ao publicar o exercicio corrixido xunto coas cualificacións.

A recorrente engade que en comparecencia ante o órgano de selección puido comprobar que a súa cualificación de NON APTA sustentábase nun só erro adicional sobre o máximo permitido para aprobar o exercicio.

De todo iso conclúe unha actuación ilegal e contraria aos seus intereses que interfere gravemente na súa liberdade para ofrecer unha resposta ao exercicio segundo os seus propios coñecementos e en base a normas de corrección e cualificación coñecidas cun mínimo de antelación.

Segundo.- Das circunstancias de celebración da proba.

A efectos da celebración da proba e a través da área de RRHH, o órgano de selección dispuxo a colaboración do Servizo de Normalización Lingüística, autorizada polas bases da convocatoria (base 8.2).

Como consta debidamente en acta de sesión que se acompaña, dez minutos antes do comezo do exercicio o órgano de selección deu aviso ao Servizo de Normalización Lingüística para que se nos fixese entrega do exercicio proposto con comparecencia da funcionaria responsable do Servizo autora do mesmo.

Desde o devandito Servizo fíxosenos entrega do exercicio en dous sobre pechados e asinados que conteñen o modelo de exame e a corrección proposta. Pero a funcionaria autora do mesmo e de quen se pediu colaboración non está presente, nin é posible a súa concorrencia por estar fóra de España.

O órgano de selección decide con todo celebrar a proba.

Inmediatamente antes de comezar o exercicio ábrese ante os aspirantes o sobre que contén o exame, e indícaselles que dispoñen dunha hora para contestalo.

A corrección do exercicio realizouse ao concluír este, previa apertura do segundo sobre.

Ao verificar o contido da corrección proposta, o órgano de selección advirte por primeira vez que o exercicio contiña 80 erros, que se cualificaba cun máximo de 2 puntos, que cada acerto valía 0,025, e que as palabras que aparecían repetidas só puntuaban como erro unha vez. De todo iso dedúcese que tampouco se penalizaban singularmente os erros.

Ao proceder á corrección o órgano de selección constata que todo os aspirantes identificaran como erróneo -supostamente- máis texto que o que se deducía do modelo facilitado por Normalización Lingüística o que implica un problema de corrección e cualificación do exercicio para o que non existe unha norma reguladora preexistente.

O órgano de selección interrompe a tarefa de corrección e decide consultar a Normalización Lingüística, acudindo para ese efecto o técnico medio (funcionario interino de recente nomeamento) D. David Cobas quen manifesta non ter coñecemento previo do exercicio.



Concello de Vigo

Suscítase entón a cuestión de decidir cal sexa o criterio de corrección que se resolve tras unha complexa discusión en favor de respectar o criterio dos erros do exercicio publicado.

E, en aplicación do citado criterio, a recorrente resultou NON APTA, ao exceder nun erro o número máximo permitido para obter a cualificación de apto.

Terceiro.-. Consideracións previas.

O recurso interposto pivota sobre a idea de que os principios de mérito e capacidade que legalmente informan o acceso á función pública esixían do órgano de selección poñer en coñecemento dos opositores cun mínimo de antelación os criterios de corrección e cualificación do exercicio, e ao non facelo introduciuse do lado de quen debe demostrar a súa aptitude exclusivamente en base aos seus propios coñecementos atendendo a normas de avaliación claras e preestablecidas, un elemento gravemente perturbador nas súas posibilidades de superación daquel, desnaturalizando en definitiva a propia esencia do proceso selectivo.

A resposta ao reproche precisa dalgunha consideración previa.

3.1 En primeiro lugar hase de partir do dato obxectivo do carácter obrigatorio e excluínse da proba con excepción dos aspirantes exentos. Está concibida pois como requisito de capacidade para o desempeño do posto.

Sobre a esixencia do coñecemento da lingua propia como requisito de capacidade para o acceso á función pública, polo menos desde a súa Sentenza 46/91 o Tribunal Constitucional advirte da lexitimidade constitucional de tal medida con tal de que se respecte o principio de proporcionalidade, pois tal esixencia singular e específica sería contraria ao principio de igualdade se non se aten ao indispensable para o fin que xustifica a súa imposición, isto é, preservar o carácter oficial da devandita lingua no respectivo territorio e asegurar a eficacia na actuación administrativa cos seus cidadáns. Estamos, pois, ante un requisito de capacidade esencialmente variable no seu nivel de esixencia segundo o contido da función e posto ao que se aspira (STC 253/05, F. J. 10º).

3.2 Esta proba vén establecida no Decreto 243/08 do 16 de outubro de desenvolvemento da lei de coordinación das policía locais de Galicia. Dos seus artigos 22 e 23 non se deduce ningunha particularidade sobre o contido da proba, senón unicamente sobre a súa finalidade (acreditar que os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o idioma galego). A base VIII, apartado 1 c) das da convocatoria reproduce meramente aqueles preceptos regulamentarios.

3.3 Non existe, pois, ningunha pauta preestablecida sobre o contido da proba recorrida sobre a que os aspirantes puidesen preparar a súa resposta. Dito doutro xeito: As bases da convocatoria ás que o órgano de selección está sometido non fixan por si mesmas criterios de corrección e cualificación vinculando a actuación de leste.

Cuarto.- Incidencia en función da materia sobre a que versa a proba.

Non parece discutible a idea de que acreditar que se comprende, fala e escribe correctamente un idioma (requisito de capacidade con todos os seus matices de orde

gramatical - sintáctico, morfológico- e de semántica -léxico-) mediante unha proba dunha hora en que está en xogo o acceso á función pública para unha posto base de Policía Local requiriría dalgunha concreción máis que o mero exemplo simple de resposta que se contén

no exercicio entregado aos opositores.

As regras propias da lingüística proxéctanse así en esixencia do seu coñecemento para acreditar no correspondente proceso selectivo. Pero esta á súa vez ha de acomodarse a canto resulte necesario para o desempeño do posto, e aquí radica o sentido do reproche que se estima xustificado.

En efecto, ao omitir a información sobre o número de erros e o criterio de puntuación (non se penalizaban especialmente os erros, nin se acumulan os erros repetidos), pertúrbase gravemente a capacidade da recorrente de conducirse na súa resposta ao exercicio conforme ao principio de capacidade con vistas a obter o resultado de APTO. Baste para ese efecto con considerar como situación razoablemente vivida a da completa incerteza sobre tales extremos, que tampouco resultou allea para o propio órgano de selección.

Con toda evidencia, os criterios de puntuación do exercicio non forman parte da chamada " discrecionalidad técnica" propia do órgano de selección, pois esta opera unicamente sobre a elaboración do exercicio e -con importantes matices- a súa corrección; e se en ausencia dun mandato claro e taxativo das bases reitoras o órgano de selección resolve introducilos, necesariamente debería acordalos antes da súa celebración con simultáneo traslado aos opositores afectados (SSTS, Sección 7ª, nº 4491/2014- RC 3093/13 y nº 2456/14-RC 1133/12).

Ningunha transcendencia tivo, con todo, a ausencia da publicidade da nota máxima a alcanzar (non prevista nas bases nin coincidente coa norma autonómica).

Quinto.- Estímase pois xustificado o reproche e vulnerado o dereito da recorrente a participar no proceso selectivo conforme aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Sexto.- En orde ás consecuencias que da estimación do motivo haberíanse de seguir para a recorrente ha de traerse aquí a resolución do órgano de selección do 14 de marzo de 2018 que exclúe a aquela do proceso selectivo por non presentar certificación médica válida de aptitude para a realización das probas de aptitude física conforme ao esixido na base específica IV.1 i) das da convocatoria.

Dada a completa desconexión entre unha e outra causa de exclusión, e por un elemental principio de economía de procedemento a presente proposta de resolución haberá de ter un alcance meramente declarativo.

En mérito de canto antecede, en uso das atribucións que ao Secretario do órgano de selección atribúen as bases da convocatoria, a través da área de Recursos Humanos veño en elevar á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

ACORDO



Concello de Vigo

1º.- Estimar con efectos meramente declarativos o recurso presentado por D^a. Raquel Gómez García contra o acordo do 19 de febreiro de 2018 do órgano responsable do procedemento para a selección de 23 prazas de Policía Local correspondente á Oferta de Emprego Público 2010-2011, polo que se declara á recorrente NON APTA, o cal non resultou conforme a Dereito por non dispoñer esta de os criterios de corrección e cualificación do exercicio con carácter previo á realización do mesmo.

2º.- Desestimar a pretensión de declaración de apta da recorrente, pois en todo caso a estimación do motivo comportaría meramente a repetición do exercicio para a recorrente con observación das garantías omitidas.

3º.- Desestimar así mesmo a petición de repetición do exercicio, dado que ao haber resultado excluída do procedemento selectivo por outra causa, ningunha consecuencia práctica útil e favorable seguiríase para a recorrente da estimación da devandita pretensión.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(369).- BASES E CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN DE DIVERSOS POSTOS DE TRABALLO (XEFATURAS DE ÁREA DE SERVIZO). EXPTE. 31711/220.

Visto o informe de fiscalización do 04/04/18, dáse conta do informe-proposta do 03/04/18, asinado pola técnica de Administración Xeral da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- En data 02/04/2018, a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal dictou orde de incoación de expediente administrativo para a provisión definitiva de diversos postos de traballo a través do sistema de libre designación, establecendo o seguinte:

“Considerando o manifestado aos sindicatos na mesa xeral de negociación celebrada o 12/02/2016 en canto aos postos de traballo encadrados nos subrupos A1 e A2 de titulación, xunto con todos os que se atopasen provisionalmente cubertos no ámbito da organización municipal;

Considerando o informado pola xefatura de Recursos Humanos en informe de data 21/03/2011, en canto á necesidade de provistar os postos de traballo do Concello de Vigo con carácter definitivo; e unha vez efectuada a definición de prioridades dentro da organización municipal por esta Concellería-delegada;

Considerando as competencias que en materia de persoal ostento por delegación efectuada en Decretos da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015 e 30/12/2016, así como aquelas que en

materia de xestión de persoal ostento por delegación da Xunta de Goberno Local segundo acordos de mesmas datas; pola presente dispoño:

“PRIMEIRO.- Ordenar que se proceda á incoación de expediente para a provisión definitiva dos postos de traballo de seguido relacionados, de conformidade coa forma de provisión polo sistema de libre designación, contemplado para os postos de nivel 26 ou superior na Relación de Postos de Traballo e Instrucións sobre plantilla vixentes no Concello de Vigo:

- *Posto de traballo código Rtb 20- “Xefe/a Área Contratación e Novos Proxectos”, subgrupo A1 de titulación, Escala de Administración Xeral/Especial, CD nivel 28, CE 615, titulación académica esixida para o desempeño do posto: código 1, en situación de vacante..*
- *Posto de traballo código Rtb 16- “Xefe/a Área Recursos Humanos e Formación”, subgrupo A1 de titulación, Escala de Administración Xeral, CD nivel 28, CE 615, titulación académica esixida para o desempeño do posto: código 6, en situación de cobertura temporal en adscrición provisional.*
- *Posto de traballo código 19- “Xefe/a Servizo Administración Electrónica”, subgrupo A1 de titulación, Escala de Administración Especial CD nivel 28, CE 625, titulación académica esixida para o desempeño do posto: códigos 9/14/44, en situación de cobertura temporal en adscrición provisional.*
- *Posto de traballo código Rtb 43 -“Xefe/a de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local”, subgrupo A1/A2 de titulación, Escala de Administración Xeral/Especial, CD nivel 26, CE 625, titulación académica esixida para o desempeño do posto: códigos 1/2, en situación de vacante.*

2.- Dito proceso abórdase ao abeiro do disposto na normativa vixente en materia de emprego público, así como no informe de data 05/05/2017, emitido pola Xefatura de Área de Recursos Humanos e Formación ao expediente nº 27.913/220, no marco do cal procedeuse á análise estratéxica da situación dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación no Concello de Vigo, tradicionalmente cubertos en adscrición provisional no Concello de Vigo. Igualmente, no marco da Mesa Xeral de Negociación celebrada o 12/02/2016 foi comunicada aos sindicatos lexitimados para a negociación colectiva a abordaxe do proceso global de provisión dos postos de traballo en situación de provisionalidade existentes no Concello de Vigo.

3.- En consecuencia, e en cumprimento da orde de incoación asinada, procédese á elaborar as bases rectoras do proceso e á convocatoria de provisión con carácter definitivo dos postos de traballo citados a través do procedemento de libre designación (LD) ao ser ésta a forma de provisión determinada na vixente Relación de Postos de Traballo municipal (dispoñible en transparencia.vigo.org) e nas Instrucións sobre Plantilla e Cadro de Persoal negociadas coa representación sindical do persoal municipal.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA



Concello de Vigo

I.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece no seu artigo 100 que:

"1. Es competencia de cada Corporación local la selección de los funcionarios con la excepción de los funcionarios con habilitación de carácter nacional.

2. Corresponde, no obstante, a la Administración del Estado, establecer reglamentariamente:

a) Las reglas básicas y los programas mínimos a que debe ajustarse el procedimiento de selección y formación de tales funcionarios.

b) Los títulos académicos requeridos para tomar parte en las pruebas selectivas, así como los Diplomas expedidos por el Instituto de Estudios de Administración Local o por los Institutos o Escuelas de funcionarios establecidos por las Comunidades Autónomas, complementarios de los títulos académicos, que puedan exigirse para participar en las mismas."

No artigo 101, a mesma norma legal de carácter básico contempla que:

"Los puestos de trabajo vacantes que deban ser cubiertos por los funcionarios a que se refiere el artículo anterior se proveerán en convocatoria pública por los procedimientos de concurso de méritos o de libre designación, de acuerdo con las normas que regulen estos procedimientos en todas las Administraciones públicas.

En dichas convocatorias de provisión de puestos de trabajo, además de la participación de los funcionarios propios de la entidad convocante, podrán participar los funcionarios que pertenezcan a cualquiera de las Administraciones públicas, quedando en este caso supeditada la participación a lo que al respecto establezcan las relaciones de puestos de trabajo."

II.- Pola súa banda, a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia -de aplicación ao non reservado á lexislación estatal básica, e con carácter prevalente, en canto ao réxime xurídico aplicable ao persoal ao servizo da Administración Local¹- contempla a

1 A tal efecto, Vid. STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017, en cuxo FD 4º expone que:

V.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO :

"Aprobar o gasto por un importe de **9.359,99 €**, correspondente aos **desprazamentos** efectuados por persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos na área de Recursos Humanos e Formación, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou áreas e contan coa conformidade dos concelleiros/as-delegados/as das áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza polo empregado público con número de persoal 11682 e que remata co empregado con número de persoal 14663-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 231.2 -Gastos de Locomoción.

As partidas funcionais son as seguintes:

NÚM. PARTIDA	SERVIZO	TOTAL
1532	Vías e Obras - Ospio	2.602,58 €
2410	Desenvolvemento Local e Emprego	16,39 €
9200	Conserxería	1.629,44 €
1330	Mobilidade e Seguridade	989,90 €
9320	Servizos Económicos	2.403,50 €

NÚM. PARTIDA	SERVIZO	TOTAL
1640	Cemiterios	264,10 €
3371	Museos	42,94 €
2310	Benestar Social	25,92 €
3230	Educación	269,04 €
9201	Area RR.HH. E Formación	23,30 €
3410	Deportes	31,54 €
3113	Sanidade	1.061,34 €
	TOTAL	9.359,99 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(374).- SUBVENCIÓN, MEDIANTE CONVENIO CO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS” DURANTE O EXERCICIO 2018. EXPTE. 1712/330.

Visto o informe de fiscalización do 02/04/18, dáse conta do informe-proposta do 03/04/18, asinado polo xefe de Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delgado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data do Rexistro Xeral 26 de xaneiro pasado, o Conservatorio Superior de Música presenta escrito de solicitude de subvención para o programa *FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS”* a realizar durante o exercicio 2018; por este motivo, con data 30 de xaneiro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 4.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.12 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

O CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO é un centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, creado na nosa cidade no ano 1956, que ademais realiza actividades de tipo cultural abertas a toda a cidadanía, entre elas o programa *FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES “NAS ONDAS”*, que serven como medio de promoción e dinamización da cultura da cidade e que celebra a segunda edición.

PROGRAMA:



Concello de Vigo

*** De Piano**

Do 3 ao 27 de abril

- Recital de Egresados
- Severino Ortiz. Beethoven en torno a Dom
- Alumnado do profesor Arabel Moráquez
- Recital de Novas Promesas
- Estefanía Cereijo. Recital
- María José Cid. Improvisación
- Chang Rok Moon. Recital

*** Saxornadas.**

Do 16 ao 18 de abril.

- Concerto Stockhausen
- Concerto de Saxofón
- Concerto ensemble UMINHO

*** Explurart.**

Do 26 de abril ao 11 de maio.

- Coro de Cámara Rías Baixas
- Recital de Canto e Piano. José Manuel Fernández / Patricia Blanco
- Recital de Piano a catro mans
- Recital Piano. Alberto Vilas
- Colectivo SPIL
- Piano e Electrónica. Nicasio Gradaílle
- Trio Vicus Mare
- REDEScubriendoSONS. Trío
- Tangata
- Homenaxe a Bernstein

*** Semana das Letras Galegas.**

Do 15 ao 16 de maio.

- Romaría no Castro

- Banda Sinfónica. Homenaxe a Paz Carbajal
- Concerto Asociación Galega de Compositores.

*** Ciclo de Música de Cámara.
Marzo e maio.**

- Grab It!
- Arabel e Pilar Moráquez
- Damian Cazeneuve
- Concurso de música de cámara. 14 de maio

*** Abrente.
Actividades de difusión do CSM de Vigo. De abril a xuño.**

- Didáctico CPI. Depto de IMTP
- Encontro Orquestral e Coro
- Encontro Orquestral e Coro
- Encontro Orquestral e Coro
- Portas Abertas
- Bandas na rúa
- Música Antiga na Academia
- Agrupacións Conservatorios
- Orquestra Barroca
- Saída alumnado saxofón a Braga
- Saída do alumnado de IMTP ao Concello de Barbadás
- Música Antiga na Academia Galega de Belas Artes
- Concertos no Auditorio Municipal do Concello
- Encontro en San Simón

*** Outros actos.**

- Conmemoración do Día do libro (23 abril, Actos a determinar).
- Acto de fin de curso: Concertos e entrega de premios dos concursos de Solistas e Música de Cámara; Acto de graduación. 7 de xuño.



Concello de Vigo

*** Programa Erasmus +. Concertos de profesorado visitante.**

- David Krakauer
- Semana de Música Serbia
- Valerii Altukhov
- Jean Michel Goury
- Claudio Merlo&Roberto Beltrami
- Aleksandra Zvirblyte
- Lei Wang
- Paul Uytterlinde
- Katja Veeckmans
- Rocco Parisi
- Semana de música de Lituania
- Ganna Sagalova
- Concerto Scaratti
- Djani Sehu

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 22.000 € (vintedous mil euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 4.000 € (18,18 %)
- Dirección Xeral de centro e recursos humanos: 10.000 € (45,45 %)
- Conservatorio Superior de Música: 8.000 € (36,37 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do director
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria

- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro colectivo da Xunta de Galicia que cubre os riscos de accidentes do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia
- Póliza de seguro rodo risco de danos materiais para todos os ben mobles e inmobles que integran o patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia-Xunta de Galicia
- Escrito do Conservatorio Superior de Música de Vigo de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa *FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS 2018"*, proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao Conservatorio Superior de Música de Vigo, para a organización do programa *FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS"*, obxecto do presente convenio, rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa ao Conservatorio Superior de Música de Vigo deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2018, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-



Concello de Vigo

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo ao Conservatorio Superior de Música de Vigo ten como obxecto financiar a organización da programación *FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS"* para o presente exercicio, figurando na aplicación **3340.480.00.12** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 4.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo ao Conservatorio Superior de Música de Vigo é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 4.000 € (catro mil euros) ao Conservatorio Superior de Música de Vigo , CIF. Q8650014G, para o financiamento do programa FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS 2018", organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.12 "SUBVENCIÓN CMUS", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

"SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e o Conservatorio Superior de Música de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa FESTIVAL DA MÚSICA E DAS ARTES "NAS ONDAS 2018".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(375).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS DURANTE O MES DE MARZO DE 2018. EXPTE. 2157/341.

Dáse conta do informe-proposta de data 05/04/18, asinado polo xefe de Museos Municipais e conformado polo xefe de Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delgado de Cultura, que di o seguinte :

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2018, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341) e o Museo Quiñones de León (337) no mes de MARZO, e que son os que deseguido se relacionan:

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2130/341. Subministración e deseño de material gráfico para seis exposicións temporais programadas na planta primeira da Casa das Artes e na planta baixa da Casa Galega da Cultura. Marzo-xuño 2018. JULINDA MOLARES CARDOSO. RCM23844.	07/03/18	15.967,59 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2135/341. Servizo de montaxe básico e desmontaxe de exposicións temporais programadas en planta primeira de Casa das Artes e planta baixa de Casa Galega da Cultura. Abril-outubro 2018. SONIA M ^a OTERO GONZÁLEZ. RCM 24063.	07/03/18	12.806,64 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte 2121/341. Obra de renovación integral da cuberta do Museo Etnográfico Liste e execución de traballos complementarios. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. RCM 22107.	28/02/18	53.544,53 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

35(376).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO PRÉSTAMO TEMPORAL DE 9 OBRAS AO MUSEO MARCO DE VIGO, ORGANIZADOR DA EXPOSICIÓN “JULIO VERNE. OS LÍMITES DA IMAXINACIÓN”. EXPTE. 6295/337.

Visto o informe xurídico do 04/04/18, dáse conta do informe-proposta do 04/04/18, asinado pola técnico medio de xestión de Recursos e Programas de Museos, o director de Museos, o xefe de Museos Municipais, o xefe de Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delgado de Cultura, que di o seguinte:

Con data 22 de febreiro de 2018 recíbese no Museo municipal “Quiñones de León” escrito do Xerente do Museo de Arte Contemporánea de Vigo, D. Martiño Nogueira, no que se informa da organización dunha exposición no MARCO, producida pola Fundación Telefónica e comisariada en Vigo por Eduardo Rolland, ao redor da figura de Julio Verne. A mostra celebrarase entre o 19 de abril e o 15 de setembro de 2018 na planta principal de dito museo.

A exposición parte do imaxinario de Julio Verne para reflectir o espírito da súa época, caracterizado polos cambios vertixinosos e a fe no progreso. A mostra ten especial vencellamento coa cidade de Vigo, xa que neste ano coinciden dúas efemérides: os 150 anos da entrada do Nautilus do Capitán Nemo na ría de Vigo e os 140 anos da primeira visita de Julio Verne á cidade.

Para esta proposta solicítase ao Museo municipal “Quiñones de León” o préstamo temporal da seguinte obra:

- **Obxecto:** Carta mariña de cabo de Peñas a Cabo Ortegal
- **Autor:** Descoñecido holandés
- **Nº Inv.:** 8063
- **Data:** S. XVII
- **Técnica:** Gravado/papel
- **Dimensións:** 57,8 x 53 cm
- **Valor a efecto de seguro:** 500 euros

- **Obxecto:** Carta mariña de cabo de Peñas a Cabo Ortegal
- **Autor:** Descoñecido holandés
- **Nº Inv.:** 8064
- **Data:** S. XVII
- **Técnica:** Gravado/papel
- **Dimensións:** 57,5 x 42,3 cm
- **Valor a efecto de seguro:** 500 euros

- **Obxecto:** Carta mariña de cabo Fisterra a Caminha
- **Autor:** Descoñecido holandés
- **Nº Inv.:** 8065

- **Data:** S. XVII
- **Técnica:** Gravado/papel
- **Dimensións:** 57,5 x 42,3 cm

- **Valor a efecto de seguro:** 500 euros
- **Obxecto:** Informe manuscrito da expedición Dickson
- **Autor:** Descoñecido
- **Nº Inv.:** 8269
- **Data:** 1825
- **Técnica:** Gravado/papel
- **Dimensións:** 25 x 17 cm
- **Valor a efecto de seguro:** 3000 euros
- **Obxecto:** Vigo. Batalla de Rande
- **Autor:** Paulus Decker
- **Nº Inv.:** 8062
- **Data:** 1720
- **Técnica:** Gravado/papel
- **Dimensións:** 59,5 x 65,5 cm
- **Valor a efecto de seguro:** 1500 euros
- **Obxecto:** Batalla de Rande
- **Autor:** Daneil de la Feuille
- **Nº Inv.:** 9225
- **Data:** S. XVIII
- **Técnica:** Gravado/papel
- **Dimensións:** 15 x 20 cm
- **Valor a efecto de seguro:** 600 euros
- **Obxecto:** Batalla de Rande
- **Autor:** Peter Schenk
- **Nº Inv.:** 9226
- **Data:** S. XVIII
- **Técnica:** Gravado/papel
- **Dimensións:** 19 x 19 cm
- **Valor a efecto de seguro:** 1500 euros

Estudado o *Facility Report* que establece as condicións climáticas, de iluminación e seguridade da sala onde terá lugar a exposición para a que se solicitan as pezas, enténdese que éstas contemplan todas as condicións que se consideran suficientes para proceder ao préstamo.

En data 22 de marzo de 2018 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación da Xunta de Galicia, a instancias da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, autoriza a saída solicitada polo Museo MARCO de Vigo ao resultar preceptiva a súa autorización dacordo co artigo 64.1 da Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia -DOG núm 92, de 16 de maio de 2016 (“O traslado de bens mobles declarados de interese cultural (BIC) deberá ser autorizado pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e anotado no Rexistro de Bens de Interese Cultural. Indicarase a súa orixe e destino, o carácter temporal ou definitivo do traslado e as condicións de conservación, seguridade, transporte e, no seu caso, aseguramento”).



Concello de Vigo

Presentado certificado de aseguramento das pezas conforme o periodo de cobertura; asinadas as condicións municipais para o préstamo e visto o interese cultural da exposición así como a oportunidade para a divulgación do patrimonio artístico da colección de arqueoloxía do Museo municipal "Quiñones de León"; conformidade do Concelleiro Delegado de Cultura; faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA

1.- "Autorizar o préstamo temporal das seguintes pezas:

- **Obxecto:** Carta mariña de cabo de Peñas a Cabo Ortegal
- **Autor:** Descoñecido holandés
- **Nº Inv.:** 8063
- **Data:** S. XVII
- **Técnica:** Gravado/papel
- **Dimensións:** 57,8 x 53 cm
- **Valor a efecto de seguro:** 500 euros

- **Obxecto:** Carta mariña de cabo de Peñas a Cabo Ortegal
- **Autor:** Descoñecido holandés
- **Nº Inv.:** 8064
- **Data:** S. XVII
- **Técnica:** Gravado/papel
- **Dimensións:** 57,5 x 42,3 cm
- **Valor a efecto de seguro:** 500 euros

- **Obxecto:** Carta mariña de cabo Fisterra a Caminha
- **Autor:** Descoñecido holandés
- **Nº Inv.:** 8065
- **Data:** S. XVII
- **Técnica:** Gravado/papel
- **Dimensións:** 57,5 x 42,3 cm
- **Valor a efecto de seguro:** 500 euros

- **Obxecto:** Informe manuscrito da expedición Dickson
- **Autor:** Descoñecido
- **Nº Inv.:** 8269
- **Data:** 1825
- **Técnica:** Gravado/papel
- **Dimensións:** 25 x 17 cm
- **Valor a efecto de seguro:** 3000 euros

- **Obxecto:** Vigo. Batalla de Rande
- **Autor:** Paulus Decker
- **Nº Inv.:** 8062
- **Data:** 1720
- **Técnica:** Gravado/papel
- **Dimensións:** 59,5 x 65,5 cm
- **Valor a efecto de seguro:** 1500 euros

- **Obxecto:** Batalla de Rande
 - **Autor:** Daneil de la Feuille
 - **Nº Inv.:** 9225
 - **Data:** S. XVIII
 - **Técnica:** Gravado/papel
 - **Dimensións:** 15 x 20 cm
 - **Valor a efecto de seguro:** 600 euros
-
- **Obxecto:** Batalla de Rande
 - **Autor:** Peter Schenk
 - **Nº Inv.:** 9226
 - **Data:** S. XVIII
 - **Técnica:** Gravado/papel
 - **Dimensións:** 19 x 19 cm
 - **Valor a efecto de seguro:** 1500 euros

ao museo MARCO de Vigo, organizador da exposición “Julio Verne. Os límites da imaxinación”, producida pola Fundación Telefónica e comisariada en Vigo por Eduardo Rolland, ao redor da figura de Julio Verne. A mostra celebrarase entre o 19 de abril e o 15 de setembro de 2018 na planta principal de dito museo, segundo as condicións xerais que se achegan ao expediente”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(377).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA “INSTRUCCIÓN MUNICIPAL: UTILIZACIÓN DE ACTUACIÓN S ADMINISTRATIVAS AUTOMATIZADAS NO ÁMBITO DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE VIGO, USO DO SISTEMA DE CÓDIGO SEGURO DE VERIFICACIÓN E COPIAS AUTÉNTICAS”. EXPTE. 290/1102.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 06/04/18, asinado pola secretaria do Goberno Local e polo xefe de Servizo de Administración Electrónica, e conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica que di o seguinte:

I. Antecedentes:

A entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), conleva a necesidade de adoptar determinadas decisións organizativas e de funcionamento, que permitan adecuar as súas prescricións ás peculiaridades da xestión administrativa de cada entidade.



Concello de Vigo

Dende ese punto de vista, o Concello de Vigo adoptou unha posición activa na implantación a través do Plan de Transformación Dixital, liderado dende a Concellería Dda. de Xestión Municipal, a través da Comisión Técnica do Plan e os seus Grupos de Traballo, coa que se foron dando pasos cara a produción de instrumentos e ferramentas de adaptación, como a política municipal de sinatura electrónica, a política de xestión municipal e outros acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local.

Neste intre e, cara á vixencia do disposto na Disposición final sétima da LPAC, resulta conveniente establecer as pautas para a realización de copias e a utilización da técnica das actuacións administrativas automatizadas. A LPAC regula nos seus artigos 26 e 27 a emisión e os requisitos de validez dos documentos electrónicos administrativos, e a validez e eficacia das copias dos ditos documentos e así mesmo, a LRXSP nos seus artigos 41 e 42 contempla a regulación relativa á emisión de actuacións administrativas automatizadas.

O artigo 27.2 e 3 LPAC establece que terán a consideración de **copia auténtica** dun documento público administrativo ou privado as realizadas, calquera que sexa o seu soporte, polos órganos competentes das Administracións Públicas nas que quede garantida a identidade do órgano que realizou a copia e o seu contido e que as copias electrónicas en soporte papel de documentos electrónicos requirirán que nas mesmas figure a condición de copia e, conterán un código xerado electronicamente ou outros sistemas de verificación que permitan contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor. De conformidade co establecido no artigo 27.3 LPAC, para garantir a identidade e contido das copias electrónicas ou en papel, e polo tanto o seu carácter de **copias auténticas**, as Administracións Públicas deben axustarse ao previsto no Esquema Nacional de Interoperabilidade, ao Esquema Nacional de Seguridade e ás súas normas técnicas de desenvolvemento, así como ás seguintes regras:

a) As copias electrónicas dun documento electrónico orixinal ou dunha copia electrónica auténtica, con ou sen cambio de formato, deberán incluír os metadatos que acrediten a súa condición de copia e que se visualicen ao consultar o documento.

b) As copias electrónicas de documentos en soporte papel ou noutro soporte non electrónico susceptible de dixitalización, requirirán que o documento teña sido dixitalizado e deberán incluír os metadatos que acrediten a súa condición de copia e que se visualicen ao consultar o documento.

c) Las copias en soporte papel de documentos electrónicos requirirán que nas mesmas figure a condición de copia e conterán un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación, que permitirá contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano u organismo público emisor.

d) As copias en soporte papel de documentos orixinais emitidos no dito soporte se proporcionarán mediante unha copia auténtica en papel do documento electrónico que se atope en poder da Administración ou ben mediante unha posta de manifesto electrónica contendo copia auténtica do documento orixinal.

Para estes efectos, o Concello fará públicos, a través da sede electrónica correspondente, os códigos seguros de verificación ou outro sistema de verificación utilizado. A expedición de

copias auténticas electrónicas, deberá quedar expresamente indicada no documento da copia.

Na realización das copias resultará de aplicación o disposto na normativa técnica vixente, en particular, a Norma Técnica de Interoperabilidade de Procedementos de copiado auténtico e conversión entre documentos electrónicos, aprobado por Resolución do 19 de xullo de 2011 da Secretaría de Estado para a Función Pública.

II.

O artigo 27 LPAC establece que, para os efectos organizativos, cada Administración Pública determinará os órganos que teñan atribuídas as competencias de expedición de copias auténticas dos documentos públicos administrativos ou privados, sinalando que para o ámbito local a fe pública ten a consideración de función necesaria, cuxa responsabilidade administrativa está reservada a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, función esta que se exerce pola Secretaría, tal e como dispón o artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL). En particular, para os municipios de gran poboación, a Disposición adicional oitava LRBRL atribúe o desenvolvemento das funcións de fe pública dos actos e acordos dos órganos unipersonais e as demais funcións de fe pública, ao/á titular do órgano de apoio ao/á secretario/a da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo de que poida delegar o seu exercicio noutros funcionarios municipais, agás as atribuídas á Secretaría Xeral do Pleno, ao/á concelleiro/a secretario/a da Xunta de Goberno Local e ao/á secretario/a do consello de administración das entidades públicas empresariais e sen prexuízo da fe pública da Secretaría Xeral do Pleno.

No mesmo senso maniféstase o Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, polo que o principio de eficacia na xestión pública e a racionalización na utilización dos recursos públicos, aconsella que, polo titular da competencia na expedición de copias, se leve a cabo a delegación nos termos que se exporán, de xeito descentralizado para facilitar a súa realización por outros empregados públicos municipais no ámbito da súa área ou servizo.

A dita reserva debe conxugarse coa prescrición legal de que as Entidades Locais poderán realizar copias auténticas mediante funcionario/a habilitado/a ou mediante actuación administrativa automatizada. En relación cos primeiros, e dada a especialidade da reserva de función pública, será necesario instrumentar a técnica da delegación na realización de copias auténticas por funcionario/a habilitado/a, que deberá inscribirse nun rexistro, ou outro sistema equivalente, que deberá ser plenamente interoperables e estar interconectado cos das restantes Administracións Públicas, para os efectos de comprobar a validez da citada habilitación, e no que deben constar, polo menos, os funcionarios que presten servizos nas oficinas de asistencia en materia de rexistros, reguladas no artigo 12 LPAC.

Así mesmo o artigo 16.5 regula a obriga de dixitalizar os documentos presentados de xeito presencial, de acordo co previsto no artigo 27 e demais normativa de aplicación, pola oficina de asistencia en materia de rexistros na que teñan sido presentados para a súa incorporación ao expediente administrativo electrónico, devolvéndose os orixinais á persoa interesada.



Concello de Vigo

Para os ditos efectos, a dixitalización dun documento para a xeración dun documento electrónico deberá conter:

- a) A imaxe electrónica, que representará o aspecto e contido do documento no soporte orixe e cumprirá os requisitos establecidos no apartado IV desta norma.
- b) Os metadatos mínimos obrigatorios definidos na Norma Técnica de Interoperabilidade de Documento Electrónico.
- c) De proceder, sinatura da imaxe electrónica de acordo coa normativa aplicable.

III.

En canto á xeración de copias electrónicas auténticas, estas serán firmadas mediante algún dos sistemas de firma previstos nos artigos 42 ao 43 da LRJSP, dispoñendo que cando se trata de actuacións administrativas automatizadas, poderá utilizarse:

- a) Selo electrónico de Administración Pública, órgano, organismo público ou entidade de dereito público, baseado en certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de firma electrónica.
- b) Código seguro de verificación vinculado á Administración Pública, órgano, organismo público ou entidade de Dereito Público, nos termos e condicións establecidos, permitíndose en todo caso a comprobación da integridade do documento mediante o acceso á sede electrónica correspondente.

Na realización das ditas copias aplicaranse os formatos establecidos para ficheiros de imaxe na NTI de Catálogo de Estándares; o nivel de resolución mínimo para imaxes electrónicas será de 200 píxeles por polgada, tanto para imaxes obtida en branco e negro, color ou escala de grises; respectarase a xeometría do documento orixe en tamaños e proporcións e non conterá caracteres ou gráficos que non figurasen no documento orixe.

En canto á actuación administrativa automatizada, segundo o sinalado no artigo 41 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), terá a dita consideración calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración Pública no marco dun procedemento administrativo e na que non interviñese de xeito directo un empregado público. Neste caso debe establecerse previamente o órgano ou órganos competentes, segundo os casos, para a definición das especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, no seu caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte. Así mesmo, indícarase o órgano que debe ser considerado responsable para os efectos de impugnación. Por outra banda, o artigo 42 LRXSP dispón que no exercicio da competencia en actuación administrativa automatizada, cada Administración Pública poderá determinar os supostos de utilización como sistemas de firma electrónica, contemplando a posibilidade de utilizar sistemas, tanto de selo electrónico da administración Pública, baseado en certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de firma electrónica de Código Seguro de Verificación, como sistemas de firma electrónica para a actuación administrativa automatizada, permitindo, en todo caso, a comprobación da integridade do documento mediante o acceso á sede electrónica.

Polo exposto, considerando a necesidade de determinar o procedemento e competencia para a realización de copias polo Concello de Vigo, así como en canto á utilización das actuacións administrativas automatizadas, e cara a seguir avanzando na implementación de medidas de mellora no funcionamento electrónico desta administración municipal, fórmulase a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

1. *No Concello de Vigo a expedición de copias auténticas dos documentos públicos administrativos ou privados realizarase nos seguintes termos:*

Sobre as copias auténticas:

- A) *A competencia para a realización de copias auténticas no Concello de Vigo correpondelle á/ao titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local -a Secretaría de Goberno Local en terminoloxía das Instrucións da Relación de Postos de Traballo-, en aplicación do disposto na normativa estatal básica e normativa regulamentaria de aplicación, sen prexuízo da reserva de fe pública da Secretaría Xeral do Pleno no seu ámbito de actuación. A dita función poderá ser obxecto de delegación polo/a seu titular para o correcto funcionamento do servizo, mediante resolución da Concellería competente.*
- B) *Características xerais das copias electrónicas auténticas:*
 - a) *As copias electrónicas idénticas ao documento electrónico orixinal (non comportan cambio de formato nin de contido), terán a eficacia xurídica de documento electrónico orixinal.*
 - b) *As copias auténticas expediranse a partir de documentos con calidade de orixinal ou copia auténtica.*
 - c) *As copias electrónicas auténticas serán novos documentos electrónicos que incluírán total ou parcialmente o contido do documento sobre o que se expiden e cumprirán co establecido na NTI de Documento electrónico.*
 - d) *O valor de cada un dos metadatos mínimos obrigatorios do documento electrónico copia será asignado en función das características propias de cada metadato e das propiedades específicas do documento baixo a responsabilidade do órgano ou organismo que o expide.*
 - e) *A relación entre a copia electrónica auténtica e o documento orixe reflectirase nos metadatos do documento electrónico copia a través do metadato «Identificador do documento orixe» que tomará o valor do identificador daquel.*
- C) *As copias electrónicas auténticas serán firmadas mediante algún dos sistemas de firma previstos nos artigos 42 ao 43 da LRJSP.*

De tratarse de actuacións administrativas automatizadas, poderá utilizarse:

- a) *Selo electrónico de Administración Pública, órgano, organismo público ou entidade de dereito público, baseado en certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de firma electrónica.*



Concello de Vigo

- b) *Código seguro de verificación vinculado á Administración Pública, órgano, organismo público ou entidade de Dereito Público, nos termos e condicións establecidos, permitíndose en todo caso a comprobación da integridade do documento mediante o acceso á sede electrónica correspondente.*
 - D) *Aplicaranse os formatos establecidos para ficheiros de imaxe en la NTI de Catálogo de Estándares; o nivel de resolución mínimo para imaxes electrónicas será de 200 píxeles por polgada, tanto para imaxes obtidas en branco e negro, color ou escala de grises; respectarase a xeometría do documento orixe en tamaños e proporcións e non conterá caracteres ou gráficos que non figurasen no documento orixe.*
 - E) *O proceso de dixitalización realizarase a través dun proceso informático no que, grantindo a integridade de cada un dos pasos, realizaranse as seguintes tarefas:*
 - a) *Dixitalización por un medio fotoeléctrico, de xeito que se obteña unha imaxe electrónica na memoria do sistema asociado ao dispositivo.*
 - b) *De proceder, optimización automática da imaxe electrónica para garantir a súa lexibilidade, de xeito que todo contido do documento orixe se poida apreciar e sexa válido para a súa xestión (umbralización, reorientación, eliminación de bordes negros, ou outros de natureza análoga).*
 - c) *Asignación dos metadatos ao documento electrónico dixitalizado.*
 - d) *De proceder, firma da imaxe electrónica.*
2. *O Concello de Vigo, no exercicio das súas competencias poderá usar na actuación administrativa automatizada calquera dos seguintes sistemas de identificación e firma electrónica:*
- A) *Selos electrónicos baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados, que reúnan os requisitos esixidos pola lexislación de firma electrónica.*
 - B) *Código seguro de verificación vinculado ao Concello de Vigo (en adiante CSV).*
3. *Selos electrónicos do Concello de Vigo:*
- A) *Para o tratamento automatizado, poderanse usar certificados de selo electrónico designados cos nomes dos sistemas ou plataformas de información.*
 - B) *Poderanse usar tamén certificados de selo electrónico designados co nome de unidades orgánicas do Concello de Vigo, sempre que as ditas unidades xustifiquen a súa necesidade.*
 - C) *En todo caso, o Concello de Vigo informará na súa sede electrónica dos selos electrónicos utilizados.*
4. *Os órganos competentes en relación coas actuacións administrativas automatizadas serán:*
- A) *Para os detalles dos certificados de selo electrónico designados con nomes de unidades orgánicas: o/a titular do órgano de apoio á xunta de Goberno Local.*

- B) *Para o deseño informático, programación, mantemento e supervisión dos sistemas de información de desenvolvemento propio: o Servizo de Administración Electrónica municipal.*
- C) *Para os efectos de impugnación das actuacións administrativas automatizadas: a unidade responsable do correspondente acto administrativo.*

5. *Poderán ser automatizadas as actuacións aprobadas ou acordadas no Concello de Vigo e, en todo caso as seguintes:*

- a) *Comunicacións ou notificacións electrónicas coa cidadanía e as empresas.*
- b) *Xeración e emisión de certificados e documentos administrativos electrónicos.*
- c) *Xeración e emisión de copias auténticas a partires de documentos electrónicos e de documentos en soportes non electrónicos.*
- d) *Procesos de selado de documentos electrónicos, co obxecto de facilitar a súa interoperabilidade, conservación e lexibilidade.*
- e) *Inscripcións, anotacións e arquivos de documentos electrónicos rexistráis.*
- f) *Xeración e emisión de acuses de recibo.*
- g) *Expedición automática de recibos de presentación no rexistro electrónico da Administración.*
- h) *Foliado automático de expedientes electrónicos.*
- i) *Apertura e peche de libros electrónicos.*
- j) *Actos de trámite e administrativos sobre requirimento de corrección/subsanación de defectos, así como información relativa á duración do procedemento e o sentido do silencio administrativo.*
- k) *Intercambio de información, documentación e certificación con outras Administracións, Corporacións, Entidades e Institucións Públicas, Privadas e da Unión Europea.*
- l) *Dixitalización de documentos en soporte papel.*
- m) *Actuacións automatizadas de comprobación e validación.*
- n) *Migracións e cambios de formato automáticos, en particular para os efectos de arquivado.*
- o) *O uso de CSV aplicado a un trámite particular dentro dun determinado procedemento ou grupo de procedementos publicarase na sede electrónica do Concello de Vigo, cando así se dispoña por acordo da Xunta de Goberno Local ou decreto do concelleiro que ostente tal competencia.*

6. *Utilización do CSV do Concello de Vigo:*

- A) *O CSV poderá ser usado para autenticar as actuacións automatizadas realizadas polo Concello de Vigo.*
- B) *A integridade e conservación dos documentos electrónicos, e os seus metadatos asociados obrigatorios, quedará garantida mediante as medidas técnicas que aseguren a súa inalterabilidade dentro do establecido polas Normas Técnicas de Interoperabilidade de documentos e expedientes electrónicos, de Política de Xestión de documentos Electrónicos e o Esquema Nacional de Seguridade.*
- C) *A integridade dos documentos electrónicos autenticados mediante CSV poderá comprobarse mediante acceso directo e gratuíto á Sede Electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org>), en tanto non se acorde a destrución dos ditos*



Concello de Vigo

documentos segundo a normativa que resulte de aplicación ou por decisión xudicial.

- D) Cando se intente cotexar na sede un documento emitido cun CSV que xa non existe, por decisión xudicial ou pola aplicación da normativa vixente, amosarase unha mensaxe informando da tal circunstancia.
7. *Prazo de dispoñibilidade do CSV: O CSV estará dispoñible, para os efectos de comprobación, durante o prazo do procedemento administrativo ao que corresponda o documento electrónico, cun máximo de cinco anos, agás normativa en contra ou orde xudicial.*
8. *Descrición do CSV:*
- A) *O CSV terá unha lonxitude de 32 caracteres e comporase combinando os seguintes caracteres alfanuméricos: 123456789ABCDEFGHIJKLMNPQRSTUVWXYZ, nos que non están presentes: o cero, a letra 'O' maiúscula e a letra 'I' maiúscula, para evitar erros de lectura.*
- B) *Unha vez xerado o CSV, o sistema vincúlao ao documento e ao asinante. O sistema gardará xunto ao CSV metadatos de identificación do documento, da xeración do CSV, así como o HASH único do propio documento.*
- C) *O CSV xerarase do seguinte modo:*
- Créase un identificador numérico único, de 9 caracteres.*
 - Xérase un número aleatorio acorde cos requirimentos RFC 1750, de 12 caracteres.*
 - Obtense o HASH SHA256 sobre o documento, de 9 caracteres.*
 - O CSV componse alternando os díxitos do identificador único de documento, o HASH SHA256 e o número aleatorio, ata cubrir os primeiros 30 caracteres. Os restantes 2 caracteres serán o identificador de tipo de documento en hexadecimal substituíndo o número '0' por 'H'.*
 - Para facilitar a súa lectura o CSV presentarase en 5 grupos de 6 caracteres separados por guións medios máis un grupo final de 2 caracteres.*
 - No caso de obter un CSV xa existente no sistema, vinculado a outro documento, repetirase o proceso comezando coa xeración dun novo número aleatorio.*
9. *Superposición de Selo electrónico ao CSV: Con fin de favorecer a interoperabilidade e posibilitar a verificación automática da sinatura dos documentos electrónicos, cando se utilice o CSV como sistema de sinatura electrónica para remitir ou por a disposición de outros órganos, organismos públicos, entidades de dereito público ou administracións a documentación asinada electronicamente, poderase superpoñer un selo electrónico baseado nun certificado electrónico válido.*
10. *Mentres non se publique este acordo, seguirá en vigor o actual sistema de cálculo consistente en:*
- A) *O CSV do Concello de Vigo, componse de 20 caracteres dos cales 9 identifican o documento de forma única e os 11 restantes xéranse mediante 2 números aleatorios con dúas sementes distintas.*

- B) Os 9 caracteres de identificación do documento mestúranse de forma consecutiva cos números aleatorios. Para compor o CSV empréganse os números do '0' ao '9' e as letras de 'A' ao 'E'.
- C) O CSV obtido agrúpase en conxuntos de 5 caracteres separados por guións medios para facilitar a súa lectura.

11. Esta resolución producirá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura, dela darase conta á Xunta de Goberno Local; será publicada con carácter inmediato na sede electrónica municipal, no Boletín Oficial da Provincia, no Portal de Transparencia, na Intranet municipal e darase traslado da mesma aos responsables de todas as Áreas e Servizos Municipais. O novo CSV substituirá ao antigo nun prazo máximo de 30 días dende o día da publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

37(378).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez